



Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de
fin de grao

**Intervención socioeducativa
en contextos de prostitución.**

Aproximación ao traballo de
rúa na comarca de Santiago
de Compostela.

Autora: Yéssica Lima Reboiras

Titora: María Eugenia Bolaño Amigo

Xullo 2018

“Intervención socioeducativa en contextos de prostitución. Aproximación ao traballo de rúa na comarca de Santiago de Compostela”.

“Intervención socioeducativa en contextos de prostitución. Aproximación al traballo de calle en la comarca de Santiago de Compostela”.

“Socio-educational intervention in prostitutional’s contexts. Approach to street work in Santiago de Compostela’s region”.

*A loita polos dereitos das mulleres e a loita feminista
compartímola aquí dentro e alá fóra.*

Agradecementos:

A Uxía, pola súa inesgotable paciencia, o seu apoio e por compartir conmigo momentos de sabiduría e inquiredanzas.

A Raquel, por abrireme as portas ao verdadeiro feminismo.

A todas as mulleres -e algúns homes- da miña vida que me ensinaron o camiño da loita e da sororidade.

A Vagalume, Faraxa e Médicos do Mundo por participar nesta andaina.

ÍNDICE

Resumo

1. Introducción	1
2. Obxectivos	2
3. Estado da cuestión	3
3.1. Aproximación á conceptualización da prostitución	3
3.2. Cifras que rodean a prostitución	7
3.3. Respostas normativas á prostitución	8
4. Aproximación ao obxecto de intervención: prostitución e Educación Social	12
5. A intervención socioeducativa no ámbito da prostitución na comarca de Santiago de Compostela	14
6. Metodoloxía da investigación	17
6.1. Participantes e poboación	18
6.2. Análise da información	19
7. Discusión e resultados	21
8. Conclusións	31
Bibliografía	36
Anexos	
Anexo I: táboa 1 - modelos políticos prostitución	1
Anexo II: entrevista Vagalume	2
Anexo III: entrevista Faraxa	16
Anexo IV: entrevista Médicos do Mundo	26

RESUMO

A seguinte investigación trata de facer unha aproximación á intervención socioeducativa en contextos de prostitución na comarca de Santiago de Compostela. A citada tarefa faise a través da revisión bibliográfica para a teorización do concepto; ao achegamento da relación entre a Educación Social e o ámbito da prostitución a través da revisión de documentación teórica e de investigacións previas; e, igualmente, a análise do traballo de tres entidades que se enmarcan nos contextos de prostitución do panorama galego e que desenvolven un dos seus proxectos (“traballo de rúa”) na comarca de Santiago de Compostela.

Palabras chave: Prostitución, Educación Social, Traballo de rúa, Exclusión, Intervención Socioeducativa.

RESUMEN

La siguiente investigación trata de hacer una aproximación a la intervención socioeducativa en contextos de prostitución en la comarca de Santiago de Compostela. La citada tarea se hace a través de la revisión bibliográfica para la teorización del concepto; al acercamiento de la relación entre Educación Social y el ámbito de la prostitución a través de documentación teórica y de investigaciones previas; y el análisis del trabajo de tres entidades que se enmarcan en los contextos de prostitución del panorama gallego y que desenvuelven uno de sus proyectos (“trabajo de calle”) en la comarca de Santiago de Compostela.

Palabras clave: Prostitución, Educación Social, Trabajo de calle, Exclusión, Intervención Socioeducativa.

ABSTRACT

The following investigation tries to make an approach to the socio-educational intervention in Santiago de Compostela's prostitutional contexts. The task is done through the bibliographic review for concept's theorization; the treatment of the relationship between Social Education and prostitution's field through theoretical documentation and previous investigations; and the work analysis of three entities that are framed in the contexts of prostitution in Galician and that develop one of their projects ("street work") in Santiago de Compostela area.

Keywords: Prostitution, Social Education, Street work, Exclusion, Socio-educational intervention.

1. INTRODUCCIÓN

O seguinte documento constitúe o informe que dá resposta ao Traballo Final para a obtención do Grao en Educación Social pola Universidade de Santiago de Compostela no curso 2017/2018.

A modalidade seleccionada para a realización deste traballo é a iniciación á investigación de campo, enmarcándose no ámbito da *Educación para a mediación, a inclusión social e a diversidade*.

O informe ten como obxectivo principal a concreción dunha investigación que pretende efectuar unha achega á prostitución como un ámbito máis de intervención socioeducativa para educadoras e educadores sociais. Con estas pretensións procedemos, en primeiro lugar e a través dunha revisión documental, indagar no estado da cuestión e afondar no coñecemento de experiencias similares e, deseguido, aproximarnos á realidade profesional das persoas que, mediante o seu labor en diversas entidades do territorio galego, desenvolven intervencións en contextos de prostitución na comarca de Santiago de Compostela.

Nesta investigación resulta relevante coñecer en profundidade as realidades que rodean á prostitución para poder abordalas dende o campo de coñecemento da pedagogía social e, como consecuencia, lograr intervir profesionalmente baixo unha mirada ou perspectiva socioeducativa. Sen un achegamento que permita o coñecemento do estado da cuestión e unha toma de conciencia investigadora desde unha posición desestigmatizante, non lograremos visualizar a multiplicidade de factores que sosteñen a prostitución, a cal representa unha forma moderna de explotación e sometemento dos corpos femininos.

Por ende, deberase ter en conta a terminoloxía empregada para facer referencia ás mulleres enmarcadas dentro da prostitución, xa que se considera que a palabra “puta” ou “prostituta” leva consigo unha carga estigmatizante e prexudicial ao referirnos á persoa, por iso, é de recibo facer uso das expresións “mulleres en contexto de prostitución”, “mulleres en situación de prostitución”, “persoas en prostitución” ou “titulares de dereito” (enunciado empregado por Médicos do Mundo).

Para alcanzar os obxectivos propostos neste traballo realizamos, en primeiro lugar unha aproximación teórica aos contidos, a través da revisión de documentos e de investigacións previas que achegan información sobre o ámbito da prostitución e outras variables relacionadas como a trata con fins de explotación sexual. Igualmente, efectuamos unha búsqueda bibliográfica para fundamentar a intervención na

prostitución dende a Educación Social. Posteriormente e partindo destes preceptos, procedemos a aproximarnos á intervención en contextos de prostitución no Concello de Santiago de Compostela por parte de diversas entidades galegas que desenvolven o seu labor profesional neste ámbito. As entidades elixidas para a investigación foron: Vagalume, Faraxa e Médicos do Mundo nas cales se realizou unha entrevista ás profesionais responsables dun dos proxectos que desenvolven: o “traballo de rúa”.

Así, este documento estrutúrase en oito epígrafes (entre os que se inclúe esta introdución) onde concretamos todos os aspectos referenciados anteriormente: obxectivos da investigación, estado da cuestión ou marco teórico, aproximación ao obxecto de investigación a través da relación interventiva entre prostitución e Educación Social, a realidade da intervención actual en contextos de prostitución na comarca de Santiago de Compostela, metodoloxía de investigación, discusión e resultados e, por último, as conclusións.

Non queremos deixar de sinalar, neste epígrafe introdutorio, as motivacións que guiaron o noso proceder investigador e que, fundamentalmente, parten da experiencia da autora do traballo no ámbito a través das prácticas desenvoltas ao longo da titulación e do interese persoal en cuestións feministas e relacionadas coa prostitución.

2. OBXECTIVOS

O obxectivo principal deste traballo é coñecer a intervención profesional no ámbito da prostitución, atendendo particularmente ás potencialidades da Educación Social, a través da revisión documental e, igualmente, da aproximación ás diferentes prácticas profesionais que, dende unha perspectiva socioeducativa, desenvolven diversas entidades do panorama galego que se dedican á atención a mulleres en contextos de prostitución, prestando especial interese ao traballo de rúa.

Entre os obxectivos específicos deste Traballo Final de Grao, destacamos o interese de:

- Afondar no coñecemento da intervención socioeducativa en contextos de prostitución. Coñecer e contrastar a realidade da intervención realizada por parte das profesionais que, actualmente e no contexto galego, desenvolven o seu labor no seo de diferentes entidades especializadas na atención a

mulleres en contextos de prostitución na comarca de Santiago de Compostela.

- Identificar o carácter socioeducativo das intervencións que realizan as diversas entidades galegas en contextos de prostitución, centrándonos particularmente no traballo de rúa.
- Poñer de relevo as potencialidades da Educación Social para a intervención socioeducativa en contextos de prostitución.

3. ESTADO DA CUESTIÓN

3.1. Aproximación á conceptualización da prostitución

A prostitución constitúe un fenómeno complexo que ten xerado e xera moitos debates en canto á súa conceptualización. Actualmente non conta con consenso para poder definirse e, polo tanto, son numerosas as cuestións que se poden presentar á hora de achegar unha definición, cando menos, no pensamento feminista contemporáneo. Así, son moitos os interrogantes que poden brindarse ao debate, entre os que podemos sinalar segundo Villacampa (2012): pode considerarse un traballo? É preciso a existencia dunha remuneración económica para considerarse prostitución? É unha forma de violencia? As mulleres en prostitución optan polo seu exercicio de forma libre?

Neste sentido, indica Villacampa (2012) que resulta complexo aludir á prostitución en xeral, porque a cada unha das realidades das diferentes mulleres que a exercen, corresponden diferentes condicións de traballo, diferente tipo de clientela, diferentes prácticas, diferentes ingresos, entre un longo etcétera; ademais, a prostitución, como outros feitos sociais, experimentou grandes cambios nos últimos anos (López, 2015).

Tendo presente estas aseveracións, tentaremos efectuar unha aproximación ao concepto. A Real Academia Galega (en adiante RAG) entende por *prostitución* o “acto polo cal unha persoa mantén regularmente relacións sexuais con outras a cambio de diñeiro” (prostitución, n.d.). En contraposición a esta definición, atopamos outras fontes como Bindman (2004) ou Mingorance (2015) que consideran a existencia de prostitución aínda cando a retribución non se trate dun traspaso económico, cando non se dea de xeito regular e incluso cando non existan relacións sexuais explícitas. Tal e como afirma Pérez (2017, p.37) “en moitos países o sexo pode estar mediado a cambio de comida, teito ou prendas de vestir, por exemplo, a un nivel máis elevado, a

cambio de poder ou outras concesións”.

Unha definición que incide na complexidade do fenómeno resulta a ofrecida pola Coalición Internacional contra o tráfico de Mulleres e Dirección do Programa de promoción da muller da UNESCO:

A prostitución non é unha expresión de liberdade sexual da muller, senón que ten que ver case sempre coa violencia, a marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal. [...] A maior parte das prostitutas son mantidas a través da forza premeditada e o abuso sexual físico pero, a miúdo, este é o resultado do abuso sexual e emocional previo, privacións e desvantaxes económicas, marxinalización, perda de identidade, manipulación e decepción. (Coalición Internacional contra o tráfico de Mulleres e Dirección de promoción da Muller da UNESCO; cit. en APRAMP, 2005, p. 12)

Se a UNESCO define a prostitución reunindo un amplo cúmulo de termos e variables tales como resultan a alusión a: o sistema patriarcal, a violencia, a marxinação ou a dificultade económica; *a priori*, semella singular que, tanto a defición achegada pola RAG como outras, banalicen o significado da mesma. Isto pódese interpretar lendo a Pérez (2017), quen afirma que a prostitución pode ser entendida dende dúas visións diferentes: a economicista e a feminista.

Seguindo a esta autora, podemos afirmar que a perspectiva economicista entende que a prostitución é un traballo comparable a outro calquera, do que se pode extraer unha remuneración económica, e que a venda de sexo é comparable a calquera outro produto que se poida atopar no mercado. Dentro desta perspectiva podemos atopar as posturas normativas regulamentarista e legalista, ás que aludiremos máis adiante. Deste xeito, poderíase definir a prostitución tendo en conta os postulados de Bindman (2004), que a comprende como o tratamento de exercicio de servizos sexuais remunerados onde se dá unha negociación que implica unha elección libre e de intercambio.

Doutra banda, as perspectivas feministas -nas que se encadran as posturas normativas abolicionista e prohibicionista- asumen que a prostitución é unha forma de violencia exercida contra as mulleres e, coincidindo co que afirma Cobo (2017), a venda dos corpos das mulleres resulta o soporte da desigualdade e “un lugar central de opresión e subordinación” ao masculino.

Una postura na que tamén se enmarca Szil (2001) poñendo de relevo que:

A conversión das mulleres en obxectos sexuais é un proceso de deshumanización en cuxo extremo final está a violencia sexual masculina. É isto o que a persoa institucionaliza, xa que o cliente consegue da persoa prostituída (que non elixiu facer o amor con el) algo que doutra maneira non podería conseguir senón con violencia (Szil, 2001, p.10).

Dende a posición feminista, poderíase entender que a prostitución non é, frecuentemente, un exercicio de libre vontade xa que, na maioría dos casos, as mulleres ceden á submisión da actividade para a supervivencia no medio dos problemas derivados da feminización da pobreza, a marxinalidade, os contextos de exclusión e os movementos migratorios aos que adoitan verse sometidas. A prostitución é unha realidade da que se alimentan as estruturas patriarcais, capitalistas neoliberais e étnico-raciais. Trátase dun fenómeno que permanece ancorado nas “estruturas simbólicas e materiais” da sociedade actual. Deste xeito, “inscríbese, primeiramente, no contexto das *estruturas materiais do patriarcado*, aquelas que sosteñen e promoven a hexemonía masculina, pero tamén, nas *estruturas materiais da economía global*” (Cobo, 2017, p.15).

A prostitución fundaméntase, polo tanto, nas citadas estruturas patriarcais e económico-liberais, naturalizando estereotipos e prexuizos tales como: que se trata dun traballo que as mulleres realizan por propia vontade, que é o oficio máis vello do mundo, que reduce o número de violacións sobre outras mulleres ou que cubre a necesidade sexual dos homes. Xustificar a prostitución como unha necesidade inherente á condición do ser humano leva a colocar estas prácticas na orde do pre-político o que se traduciría como: a prostitución xorde de xeito espontáneo en calquera comunidade humana e, que a converte, polo tanto, nun feito natural (Cobo, 2017). Porén, “a prostitución non é o oficio máis antigo do mundo, senón a actividade que responde á demanda máis antiga do mundo: a dun home que quere acceder ao corpo dunha muller e que o logra a cambio dun prezo” (Cobo, 2017, p.19).

Configúrase, polo tanto, nas distintas sociedades como unha institución social de carácter eminentemente masculino, a cal está organizada por homes e destinada ao desfrute e pracer dos mesmos. É por isto que nos atopamos nunha situación onde se institucionaliza a subordinación e submisión feminina existente noutros ámbitos da vida que se concreta, neste senso, na prostitución (Pérez, 2017).

Os homes son os principais consumidores de prostitución a nivel mundial, polo tanto, poderíamos dicir que son os principais perpetuadores da existencia da mesma. Segundo afirma APRAMP nunha guía editada no ano 2005:

Tradicionalmente foron os homes quen compran e explotan sexualmente a mulleres e nenas, alegando que actúan dende unha necesidade masculina “natural”. Aínda que tamén existe actividade prostituidora de varóns, esta non é proporcional, nin parella á da prostitución de mulleres. Polo xeral, nestes casos outros varóns son os principais promotores, beneficiarios e compradores dos corpos masculinos. As mulleres como consumidoras ou prostituidoras forman parte dunha casuística moi reducida (APRAMP, 2005, p. 21).

A pesares de que este traballo centra o seu obxecto de estudo especificamente na prostitución, resulta inevitable mencionar a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, posto que é a realidade que viven a meirande parte das mulleres que se atopan en prostitución¹.

Así, tórnase de especial relevancia diferenciar os conceptos que aquí se nos presentan: “prostitución” e “trata”, xa que en ocasións a barreira que se sitúa entre ambas é difusa. Segundo Lourenzo, Maqueda e Rubio (2008) dende o punto de vista conceptual e pedagóxico é preciso diferenciar ambas as dúas realidades, poñendo de relevo que, no suposto da prostitución forzada -trata- estamos ante un atentado contra a liberdade e a dignidade; no caso da prostitución non forzada, posicionaríamonos ante unha práctica que xera discriminación.

A trata foi definida no Protocolo de Palermo, resultado da Convención das Nacións Unidas Contra a Delincuencia Organizada Transnacional do ano 2004, como:

A captación, o transporte, traslado, acollida ou recepción de persoas, recorrendo á ameaza ou ao uso da forza ou outras formas de coacción, ao rapto, ao fraude, ao engano, ao abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou á concesión ou recepción de pagos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra, con fins de explotación. Esa explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou outras formas de explotación sexual, os traballos ou servizos forzados, a escravitude ou as prácticas análogas á escravitude, a

¹ Neste sentido, Pérez (2017, p.41) ten sinalado que se estima que “unha de cada sete mulleres en prostitución foi vítima de trata sexual”.

servidume ou a extracción de órganos (ONU, 2004, p.44).

Aínda que o Protocolo entende a trata como un delito, fai referencia a expresións como “explotación da prostitución allea” ou “outras formas de explotación sexual”, para que cada país adapte a definición destes conceptos á súa normativa vixente ao respecto.

Os datos ofrecidos polo informe da Asociación para a Prevención, Reinserción, e Atención da Muller Prostituída (APRAMP) no ano 2011 mostran que, ademais da prostitución, a trata, e especialmente a trata con fins de explotación sexual, é unha cuestión de xénero, onde o 80% do total das cifras estimadas a nivel mundial -de 600.000 a 800.000 persoas cada ano- son mulleres e nenas. As mulleres van movéndose, xerando fluxos migratorios, buscando unhas mellores condicións para a supervivencia, porque son elas quen padecen as peores consecuencias dentro dos contextos de pobreza a nivel mundial. “A prostitución aliméntase de mulleres con poucos recursos materiais e culturais que son expulsadas dos seus fogares, das súas contornas sociais e tamén das súas propias expectativas de vida” (Cobo, 2017, p.14).

3.2. Cifras que rodean a prostitución

Comparable a outras formas de violencia, a meirande parte das persoas sometidas ao desempeño deste exercicio son mulleres. O substantivo que as define é “prostitutas”, palabra con menor sentido pexorativo na nosa sociedade entre outras como: *fulana*, *puta*, *rameira* ou *meretriz*. Todas substantivos femininos que nos refiren, sempre, a un uso neste sentido -feminino-, cuestión que cobra sentido se temos presente que o 90% das persoas que exercen a prostitución son mulleres, o 3% son homes e o 7% son transexuais (APRAMP, 2005).

As cifras que se barallan na actualidade en ningún caso son oficiais, xa que non existe unha posibilidade real de obtelas debido, fundamentalmente, a tres motivos principais: en primeiro lugar, a conceptualización do termo (é dicir, que se considera prostitución e que non); en segundo lugar, a diversidade de espazos onde se pode practicar -pisos, clubs, rúa, salas de masaxe, *streaptease*-; e, en terceiro, o escurantismo que aínda a día de hoxe permanece ao redor da prostitución.

A web Havocscope (2018)², estima o gasto en prostitución mundial en 186 billóns de dólares americanos. Dentro do ránking que fai por países, sitúa a España no segundo posto -cun gasto de 26,5 billóns de dólares anuais-, so por detrás de China -73 billóns de dólares-. Ademais, realiza unha aproximación ao número de persoas que se prostitúen no mundo nunha totalidade de 13.828.700 no ano 2015, contrastando datos da ONU do ano 2000 recollidos nun informe de APRAMP do ano 2004 que estimaba en 4 millóns de persoas as que exercen a prostitución a nivel mundial.

No caso do Estado español, algúns datos que aportan luz sobre a cuestión son os da Comisión Mixta dos Dereitos da Muller e a Igualdade de Oportunidades do Congreso dos Deputados (2007) os cales revelan que, en España, son unhas 400.000 persoas as que se prostitúen. Seguindo esta mesma fonte a clientela está formada nun 99,70% por público masculino e, pode cifrarse en arredor de 50 millóns de euros os que se gastan cada día en prostitución. Ademais disto, a “plusvalía” que xera cada muller (no caso de traballar nun club) ronda os 45.000 euros anuais para o propietario do mesmo no territorio español.

Dende Faraxa³ ratifican que, na actualidade, o número de persoas que exerce a prostitución en Galicia sitúase entre 7000 e 8000.

3.3. Respostas normativas á prostitución

Existen diferentes posturas fronte ao fenómeno da prostitución que veñen a concretarse en catro modelos de regulación xurídica dos Estados. É preciso apuntar que apenas hai Estados que avoguen por unha posición unívoca, pois o habitual é que adopten unha postura mixta. Os diferentes modelos que se poden atopar segundo Freire (2017) son:

Prohibicionista:

Este modelo considera a prostitución como un atentado contra os dereitos humanos e, en especial, contra os dereitos das mulleres. Dentro deste marco, non se concibe ningunha forma posible de legalización xa que isto levaría á perpetuación e,

² Web que funciona como base de datos dos beneficios obtidos nas actividades ilícitas (mercado negro) no mundo.

³ Entidade galega (Vigo) que traballa no ámbito da prostitución.

como consecuencia, a aceptación dunha forma de violencia contra as mulleres (Rubio Arribas, 2012).

O prohibicionismo ten raíces na afirmación de “considerar a prostitución un servizo á sociedade é unha pretensión denigrante dende a ética humana e insultante por provocativa para millóns de mulleres que antepoñen os valores éticos a dificultades económicas e sociais” (López e Mestre, 2006, p.69). Con todo e a pesares de asentar as bases na anterior afirmación, céntrase en criminalizar e culpabilizar a todo axente que se atope no marco do exercicio da prostitución: ás mulleres exercentes e ao proxenetismo, deixando así invisibilizado ao cliente (Freire, 2017; Osborne, 1989).

Actualmente, esta postura segue existindo, aínda que presenta unha visión menos misóxina cara á muller que cando xurdiu no século XIX. A día de hoxe só se aplica normativa ligada a esta visión en países como Estados Unidos ou Irlanda (González, 2013).

Regulamentarista:

Este modelo supón “na práctica, aceptar a prostitución e abrir a vía cara a súa legalización” (Rubio, 2012, p.76).

Neste sistema enténdese a prostitución como unha realidade social e interprétase como un mal menor, un fenómeno normalizado, universal e atemporal. Foi a medida máis recorrente durante os século XIX e principios do XX (Osborne, 1989). Eliminalo non se considera posible porque se entende que cumpre unha función social e, polo tanto, resulta necesario (López e Mestre, 2006; Osborne, 1989; Rubio, 2012).

No regulamentarismo, o Estado actúa e intervén en catro ámbitos: espacial, temporal, administrativo e sanitario. Pretende establecer cales son os posibles lugares onde se pode exercer a prostitución e as horas nas que se permite o exercicio. En canto ao ámbito administrativo, céntrase en conceder licencias aos clubs onde se exerce e na creación de tarxetas de traballo para as mulleres, as cales facilitarían o traballo policial e sanitario. Relacionado con este último ámbito, establece controis de saúde para as traballadoras (Freire, 2017; López e Mestre, 2006; Osborne, 1989).

Esta postura non ten como finalidade lograr a liberdade individual ou o dereito das mulleres ao traballo en prostitución, senón que, a través do intervencionismo estatal, pretende regular en cuestión de saúde e seguridade pública, de protección de menores e de inmigración ilegal (Rubio, 2012).

Regulacionista ou pro-legalista:

Derivado do modelo anterior xorde nos anos 70 un novo modelo de normatividade dentro da prostitución: o modelo legalista. Esta nova concepción da prostitución inscríbese baixo o argumento sobre o que se asenta o feminismo: o dereito á elección de cada muller (Tapia, 2017).

A razón principal de ser deste movemento é o recoñecemento de dereitos das persoas que exercen a prostitución -especialmente das mulleres-. A súa reivindicación fundamental é que o exercicio que desempeñan debe ser recoñecido como traballo. Por esta razón, a actividade prostitucional pasa a considerarse traballo sexual. “A legalización parte do consentimento e autodeterminación da persoa que se prostitúe, a cal se entende que decide prestar servizos sexuais a cambio de cartos”, polo tanto “debería estar suxeita ás mesmas obrigacións fiscais e dereitos sociais e laborais: prestación por desemprego, por incapacidade temporal” (Freire, 2017, p.54).

López e Mestre (2006) afirman que referirse á prostitución como traballo sexual permite resaltar o feito de que se trata dunha actividade que xera ingresos a partir dos cales mulleres -e homes- viven e que, ademais, vincula a loita polos dereitos das traballadoras sexuais á historia común das mulleres, o que permite cerrar a división que se xera entre as que son consideradas boas e malas mulleres, as que exercen a prostitución e as outras, ás que se lles considera socialmente *decentes*.

A visión legalista afirma Rubio (2008) que é a forma máis eficaz para emprender a loita contra a marxinalidade, a violencia e, por ende, a falta de protección dos dereitos humanos das mulleres que exercen a prostitución.

Este modelo normativo ten críticas construídas dende as posturas prohibicionistas e as abolicionistas. Así, a Coalición Rexional contra o Tráfico de Mulleres e Nenas en América Latina e o Caribe -CATWLAC- (2014) no seu Artigo 18. *Mitos sobre a prostitución* fai afirmacións como: a prostitución non pode ser considerada como outro traballo pola alta taxa de risco mortal que ten, porque non da moitos cartos tal e como se ten entendido, porque nunca é unha libre elección cando se vive nun sistema patriarcal ou por outras moitas razóns que aporta no documento referenciado.

O regulacionismo non está actualmente establecido en ningún país de xeito integral, se ben posicións que se aproximan aos seus preceptos son as consideradas por Alemaña e Holanda.

Abolicionista:

É o modelo español dende 1935, aínda que en 1995 sufriu unha modificación para chegar a converterse nun sistema mixto que se encadra entre as posturas abolicionista e legalista.

Este sistema auto-defínese como “perseguidor do proxenetismo” pero non do exercicio da prostitución, isto significa que busca culpabilizar a aqueles que fomentan e consumen a prostitución, mais non a quen a exerce (Marqués e Osborne, 1991). Para este modelo, a prostitución “ten que entenderse como unha cuestión de desequilibrio de poder entre homes e mulleres que reflicte o dominio dos homes sobre as mulleres en tanto que sexo” (López e Mestre, 2006). Sitúa á prostitución como o máximo nivel de submisión e, polo tanto, como unha forma de explotación sexual que, no caso de regularse, se traduciría nunha forma de lexitimación da dominación masculina sobre a feminina e como defensa da citada explotación.

Polo tanto, o modelo abolicionista admite que non se pode falar de “opcións” dentro da prostitución, o que significa que “o feito de que moitas mulleres entren a exercer a prostitución non é, na realidade, unha opción razoable nin un medio de acceso aos recursos, senón que o consentimento suposto nelas é en realidade coerción patriarcal” (López e Mestre, 2006).

Algúns países que asumiron esta perspectiva como modelo político de intervención foron Suecia e Francia.

Ao igual que os demais, este modelo recibiu moitas críticas que, seguindo a Tapia (2017), poden clasificarse en tres liñas xerais: o paternalismo, vitimización e infantilización que se exerce sobre as mulleres en contextos de prostitución; o clasismo no que se sitúa ao non ter en conta as necesidades económicas das mulleres que se dedican á prostitución; e, por último, o rexeitamento ao exercicio da prostitución, que fomenta o número de casos de carácter escravista (Tapia, 2017).

En conclusión a este epígrafe, podemos destacar que a prostitución conta con posicionamentos normativos, que son ideolóxicos, como outras moitas cuestións da vida cotiá (ver Anexo I). Os modelos que parten dunha concepción mercantilista da prostitución: prohibicionista e reglamentarista, entende Maqueda (2009) que buscan a ocultación e o control das mulleres que exercen a prostitución. Polo que, para a sociedade, as mulleres que realizan este exercicio deberán de ser disciplinadas e onde se controlará a súa sexualidade, porque polo exercicio que elixiron, pasaron a

ser “mulleres públicas”, o que as afasta do resto das mulleres “decentes”. Baixo estas concepcións, politízanse os corpos e pasan a ser de dominio e control público.

Dentro do marco normativo legal, España permanece, na actualidade, nunha situación de alegalidade con respecto ao exercicio da prostitución. Afirmo Villacampa (2012) que o Estado español se inclúe entre os Estados que seguen o abolicionismo, máis iso é so unha etiquetaxe que non corresponde á realidade perceptible que se reflicte no vixente Código Penal, no cal non se criminaliza a prostitución senón os casos de trata de persoas con fins de explotación sexual, tipificados nos Artigos 187, 188, 189 e 190 (González, 2013; Manteca 2014; Villacampa, 2012).

Pola realidade que vive a prostitución en España, a medio camiño entre o abolicionismo e a regulamentación, o exercicio prostitucional vive nunha situación de tolerancia e des-regularización. O que, comunmente, se coñece como *alegalidade*.

Foi no ano 2007 cando comezou unha longa andaina no debate sobre a situación da prostitución co *Relatorio creado no seno da Comisión Mixta dos Dereitos da Muller e da Igualdade de Oportunidades do Congreso dos Deputados* mostrando a intencionalidade abolicionista da mesma.

Se nos centramos no caso de Galicia non atopamos ningunha normativa específica que regule a prostitución a nivel autonómico a pesares de que existen protocolos e plans de actuación en relación a esta cuestión. Pola contra, considérase que a comunidade galega é pioneira en actuacións relacionadas coa trata de persoas con fins de explotación sexual xa que foi a primeira en presentar un protocolo de acción asinado pola Xunta de Galicia e a Fiscalía Superior de Galicia no ano 2010.

4. APROXIMACIÓN AO OBXECTO DE INVESTIGACIÓN: EDUCACIÓN SOCIAL E PROSTITUCIÓN

Mediante o desenvolvemento deste estudo preténdese posicionar á Pedagogía Social como marco fundamental das intervencións por parte dos/as profesionais que traballan en contextos de prostitución. Deste xeito, trátase de captar, intencionalmente, a dimensión pedagóxica desta realidade a través do labor dos educadores e educadoras sociais no ámbito.

Afirmo Senent (2003) que os cambios sociais e as necesidades que derivaron

destes, traen consigo a aparición de novos ámbitos de intervención na Educación Social, sendo a prostitución un dos que se encadra dentro dos programas de Acción Social que dan resposta á vulnerabilidade e á denominada “exclusión social”⁴.

Noutras palabras, segundo Bas (2014) pódese afirmar que dende a Educación Social se forma aos futuros e futuras profesionais do ámbito en competencias e habilidades que lles permitan responder a problemáticas entre as que se inclúen a inclusión ou exclusión, a igualdade e desigualdade e a violencia, todas elas relacionadas con aspectos de xénero. Ademais, Delgado e Gutiérrez (2012) din que a pedagogía social se converte nun espazo onde se debe intervir sobre todas aquelas accións que lexitimen formas de explotación adquiridas na que exista desigualdade de xénero, sendo a prostitución a maior exposición da mesma.

Igualmente, García e Sáez (2013) declaran que a Educación Social é unha das ferramentas que se vén empregando para afrontar e dar resposta aos novos procesos de precarización, marxinação e exclusión que a política e economía neoliberal xeran. Así, na Educación Social, fálase a miúdo de “excluídas/os” ou de persoas que se atopan “en risco de exclusión” para facer referencia, entre outros colectivos, á prostitución (Venceslao, 2013).

A intervención socioeducativa dende a Educación Social ten como finalidade proporcionar solucións e alternativas, tendo en conta as problemáticas e as necesidades que as mulleres que se atopan en prostitución -actividade estigmatizada histórica e socialmente- teñen (López, 2015).

Partindo destas consideracións, os/as profesionais desta rama deberan, en primeiro lugar, combater os índices da marxinalidade e da exclusión que rodean á prostitución, priorizando dúas accións fundamentais, as cales acheguen á normalización da vida das persoas -e especialmente das mulleres- que se atopan en contextos de prostitución: a loita contra os estereotipos e a desestigmatización das mesmas; tendo especial coidado cando se trate de persoas que pertencen a outros colectivos que se poden atopar dobremente estigmatizados socialmente por cuestións de xénero, procedencia ou orientación sexual (Pinedo, 2008).

⁴ Entendendo como proceso propio das sociedades contemporáneas nas que os grupos se van situando fóra das mesmas debido a que posúen determinados factores de risco que dificultan as posibilidades de inclusión e participación nos contextos cidadáns (Guasch e Ponce, 2003; Herranz e Alonso, 2005).

É de especial relevancia, ademais, que como educadores e educadoras sociais se preste atención a outras características que adoitan presentar as persoas que se atopan en prostitución, entre as que destacan a soidade, a baixa autoestima, a falta de experiencias vitais ou a normalización de experiencias traumáticas.

Expoñen Ayuste e Payá (2014) que a relación entre profesional e muller que está en prostitución debe caracterizarse pola proximidade e por ser aberta e flexible, o que se traduce en que debe ser personalizada. É por isto polo que catalogan esta intervención como unha relación educativa e unha acción que comunica, entendendo o proceder educativo como un proceso relacional e comunicativo que busca o entendemento e o cambio.

5. A INTERVENCIÓN EN CONTEXTOS DE PROSTITUCIÓN NA COMARCA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. O LABOR DESENVOLVIDO DENDE AS ENTIDADES VAGALUME, FARAXA E MÉDICOS DO MUNDO

Antes de comezar o deseño do estudo, decidiuse concretar a investigación de xeito que tan só abarcase a comarca de Santiago de Compostela. Isto realizouse coa intencionalidade de ter maior accesibilidade ao estudo de interese. Con esa premisa e o especial interese da análise do traballo de rúa por banda da autora, seleccionaronse como participantes aquelas entidades galegas que desenvolvesen este proxecto na comarca de Santiago de Compostela, dando como resultado tres: Faraxa (Vigo), Vagalume e Médicos do Mundo (Santiago de Compostela).

O traballo de rúa é unha das partes fundamentais do labor como educadoras e educadores sociais en contextos de prostitución, xa que permite observar directamente a realidade que rodea á prostitución e os cambios que se van producindo na mesma (condicións de traballo, comportamento dos e das diferentes axentes partícipes e interaccións que chegan a establecerse entre eles/as) e ás mulleres coas que se vai realizar a intervención socioeducativa (Ayuste, Gijón, Payá e Rubín, 2013).

Ademais de coñecer o ambiente, a rúa propicia encontros informais entre as mulleres e os/as profesionais da educación social. Deste modo, “a confluencia destes dous factores, o coñecemento directo da realidade e a comunicación coas mulleres que se prostitúen, contribúe a que a intervención sexa moito máis adecuada” (Ayuste, Gijón, Payá e Rubín, 2013, p. 40). Afirmar Maneses (2000) que o achegamento ao entorno natural da prostitución -rúa- é fundamental para o inicio da relación de axuda

entre profesional e a muller que exerce a prostitución.

Saír á rúa e falar coas mulleres é, por un lado, unha forma de ampliar o coñecemento existente sobre a prostitución a partir da observación directa e da voz das implicadas, polo outro, é unha forma de recoñecemento e de facelas partícipes da definición das súas propias necesidades e intereses (Ayuste, Gijón, Payá e Rubín, 2013).

- **Vagalume**

É un programa promovido polas Irmáns Oblatas que ten a súa única sede na cidade de Santiago de Compostela, concretamente na rúa dos Loureiros. Aparece nos anos 90, cando a comarca de Santiago de Compostela viu como se incrementaba o número de mulleres que se atopaban practicando a prostitución. Este fenómeno comeza a crecer na rúa do Pombal da cidade compostelá e aí é o lugar onde nace, hai 25 anos, Vagalume.

Dedícase ao traballo de xeito integral con mulleres que están en contextos de prostitución e que son ou foron vítimas de trata con fins de explotación sexual. Intenta atender a diferentes aspectos da vida de cada unha delas: psicolóxico, educativo, xurídico, laboral e familiar. Para isto, a entidade organízase baixo diferentes liñas de traballo, agrupadas en cinco proxectos diferentes: centro de día, que é o lugar onde se atopan as traballadoras do centro da muller (educadoras, psicóloga, orientadora laboral e avogada). Oferta orientación e asesoramento: social, xurídico e psicolóxico. Dende o centro, tamén se realiza acompañamento ás mulleres que así o precisen (especialmente para a realización de trámites burocráticos, consultas médicas, etcétera). Outras actividades que teñen lugar no centro son a formación e a realización da proba rápida do VIH.

O centro psicofamiliar é o espazo que dá resposta ás dificultades familiares das mulleres. Ofrece terapia psicolóxica ás mesmas e a outros/as membros da súa familia (parella, fillos e fillas, etcétera) e, ademais, ofértase apoio no eido educativo e emocional aos nenos e nenas (descendentes) que así o precisen. Este recurso só poderá ser empregado por aquelas mulleres que teñan superados os obxectivos propostos no seu proxecto persoal. É dicir, trátase dunha etapa posterior ao paso da mesma polo centro da muller e unha vez recuperada a súa autonomía persoal.

O piso de acollida, é un espazo de estadía temporal para mulleres que se atopan en situación de emerxencia -debido a algún problema ou dificultade en particular- ou

que queren abandonar o exercicio da prostitución e que non contan cunha rede de apoio social e familiar. Neste piso preténdese fomentar a autonomía das mulleres facéndoas responsables das tarefas e dos seus propios coidados.

O traballo de rúa, acción na que nos imos centrar nas tres entidades seleccionadas para o estudo, constitúe a intervención directa no medio no que as mulleres traballan día a día -pisos e clubs-. Con este traballo preténdese facer un achegamento ás mulleres para que coñezan a entidade e todos os servizos que nela se ofrecen. Para facilitar o achegamento, repátese, nas visitas, material profiláctico (preservativos, lubricantes, xeles íntimos, etcétera).

Tamén, a sensibilización resulta o traballo que se realiza coa cidadanía e no que se trata de mostrar a realidade que rodea os contextos de prostitución e a situación de persoas que son vítimas de trata con fins de explotación sexual (Vagalume, 2018).

- **Faraxa**

É unha organización que nace en Vigo no ano 2009 a raíz da desaparición doutra semellante nese momento. Ten a súa única sede na rúa da Ronda de Don Bosco dentro do citado municipio e está especializada no traballo con mulleres en contextos de prostitución e vítimas de trata con fins de explotación sexual.

A asociación organízase en tres liñas de traballo diferentes: a actividade que desenvolve no Centro de Atención, a Unidade Móbil e a Sensibilización. No Centro de Atención ofértanse tres servizos fundamentais ás mulleres: atención social e sanitaria, atención xurídica e atención psicolóxica. Afirmar que no exercicio do ano anterior atenderon un total de 5.664 consultas deste estilo. Ademais disto, o Centro conta con coa acreditación da Consellería de Sanidade para a realización de probas rápidas de VIH.

A Unidade Móbil é o nome que recibe o equipo que visita clubs, pisos e barrios onde se exerce a prostitución en Galicia, Asturias e Castela e León, para coñecer a situación das mulleres que se atopan dentro, recoller as súas demandas e necesidades e facerlles entrega de material profiláctico.

Na liña de Sensibilización, participan en actividades de formación e difusión sobre o fenómeno da Trata de persoas e a Violencia de Xénero (Faraxa, 2018).

- **Médicos do Mundo**

É unha organización internacional que desenvolve o seu labor en España dende 1990 e que ten sede en 12 comunidades autónomas, entre elas Galicia. En Galicia conta con dous centros, un en Vigo e o outro en Santiago de Compostela, (esta última de especial interese para a nosa investigación) situado na rúa das Galeras.

Médicos do Mundo traballa con diferentes colectivos en risco de exclusión ou vulnerabilidade social, entre os que se atopa o ámbito da prostitución. A principal finalidade desta é facer efectivos os dereitos humanos, tendo especial interese no dereito á saúde das persoas coas que obra. En canto á súa acción no ámbito da prostitución, céntrase fundamentalmente en facilitar o acceso das mulleres aos servizos sociais e sanitarios e en realizar formación de promoción á saúde. Polo tanto, conta con dúas liñas de traballo diferenciadas: a actividade que se leva a cabo no Centro de Atención Sociosanitaria e o traballo de proximidade (traballo de rúa).

Entre as accións que desenvolven están: a información, orientación e asesoramento, persoal ou telefónico, sobre os servizos socio-sanitarios á disposición das mulleres; detección rápida de ETS; captación, selección e formación de mulleres en situación de prostitución como axentes de saúde; accións de mediación intercultural; talleres de formación (habilidades sociais, sexo seguro, etcétera); atención psicolóxica e xinecolóxica e entrega de material preventivo (Médicos do Mundo, s.d.).

6. METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN

A investigación que presentamos neste informe, tal e como sinalamos coa enunciación dos obxectivos do traballo, propónse coñecer e analizar diversos aspectos relacionados coa intervención profesional que, no ámbito da prostitución, desenvolven entidades galegas que contan, entre as súas liñas de actuación, cun proxecto centrado no traballo de rúa na comarca de Santiago de Compostela. A través desta aproximación preténdese analizar as necesidades socioeducativas ás que as institucións dan resposta, poñendo de relevo as potencialidades da Educación Social.

Logo da revisión bibliográfica que nos posibilitou efectuar unha aproximación teórica á cuestión da prostitución, coñecer as diversas posicións existentes a nivel teórico-normativo e achegarnos brevemente á situación no contexto español e, particularmente, galego, podemos apreciar que son tres as entidades que se axustan ao perfil que nos interesa na investigación. Para achegarse á realidade da intervención nas diversas entidades recolleuse información a través das profesionais responsables

do traballo de rúa en cada unha das institucións. Para iso, optouse por empregar unha metodoloxía cualitativa na que se considerou oportuno o uso da entrevista semiestructurada como principal método de recollida de información, xa que permite acoutar o campo de estudo e polo tanto, a información que se desexa obter.

O uso deste instrumento requiriu dun traballo de planificación previo, onde se deseñou un guión no que se determinou a información que se pretendía recoller en 29 preguntas abertas organizadas en diferentes bloques de contido. Os bloques aos que se fai referencia son: datos persoais (3 preguntas), cuestións sobre a institución (7 preguntas), cuestións sobre o programa que se pretende analizar (7 preguntas), cuestións sobre prostitución (4 preguntas), cuestións sobre prostitución e educación (4 preguntas), cuestións sobre política (3 preguntas) e un último apartado onde as persoas entrevistadas poderán aportar observacións que consideren de relevancia (1 pregunta). A entrevista elaborada foi realizada á totalidade das persoas participantes.

Ademais da información que se recolleu mediante a realización das entrevistas, tivéronse en conta outros elementos para a recollida de datos, como a documentación achegada unha vez finalizada a entrevista nas tres institucións. Obtivéronse datos sobre o número de intervencións no exercicio do ano anterior (2017), número de persoas atendidas por sexo biolóxico (2017), nacionalidade das persoas atendidas (2017) e itinerarios realizados no traballo de rúa. Alén do sinalado, tívose a oportunidade de coñecer o tipo de base de datos estatística das intervencións do ano 2017 en E1 e E3, siglas que empregaremos para non recorrer continuamente aos nomes das entidades participantes, E1: Vagalume, E2: Faraxa e E3: Médicos do Mundo.

6.1 Participantes e poboación

O ámbito xeográfico seleccionado para o desenvolvemento do estudo foi a comarca de Santiago de Compostela. Estableceuse como discriminante para a selección das entidades participantes o feito de que contasen cun proxecto de “traballo de rúa” e que o desenvolvesen no citado contexto, o que deu como resultado tres entidades galegas: Vagalume, Faraxa e Médicos do Mundo. Para a recollida de información decidiuse contactar coas profesionais responsables do “traballo de rúa” que se desenvolve dentro das organizacións, sendo así 4 mulleres: 2 traballadoras de Vagalume (ver Anexo II), 1 de Faraxa (ver Anexo III) e 1 de Médicos do Mundo (ver Anexo IV).

Táboa 2: recollida de información por entidade

Asociación/Entidade	Nº entrevistadas	Técnica	Formato
E1	2 * *T1- Traballadora 1. *T2- Traballadora 2.	Entrevista semiestructurada.	Audio 49:10´
E2	1	Entrevista semiestructurada.	Audio 35:53´
E3	1	Entrevista semiestructurada.	Audio 32:31´

Fonte: elaboración propia.

6.2 Análise da información

Para realizar unha análise en profundidade dos datos obtidos a través das distintas entrevistas realizadas ás profesionais seguíronse os seguintes pasos:

1. Obtención da información: a través da realización das entrevistas e da gravación das mesmas, sempre obtendo o consentimento das entrevistadas e tendo en conta a confidencialidade coa que deberán tratarse os datos recibidos.
2. Transcrición da información: fíxose unha captura da información recibida a través do soporte do formato de gravación de son. Considerouse oportuno transcribir a información no mesmo rexistro que se recolleu para non terxiversar a información (as entrevistas de E2 e E3 están rexistradas en lingua española).
3. Codificación da información: a través da categorización e da elaboración dunha táboa con ítems que permita visualizar e atopar con facilidade a información.

Táboa 3: codificación e categorización da información

Categoría	Codificación	Definición	Evidencia	Frecuencia
Características persoas entrevistadas.	CC.P.	Estudos, experiencia e motivacións.	Diversas.	3
Características institucións.	CC.I.	Nacemento, finalidade, proxectos e actividades.	Diversas.	4
Traballo de rúa	T.R.	Orixe, principios básicos de intervención, actuacións e finalidade.	Semellantes entre E1 e E2 con matices con respecto a E3.	4
Demandas ás institucións.	D.I.	Demandas das persoas en prostitución recollidas polas institucións.	Centradas en aspectos laborais, xudiciais e sanitarios.	1
Realidade das intervencións.	RE.I.	Realidade que se atopan nas intervencións en clubs, pisos e rúa e motivacións das persoas para exercer a prostitución.	Fálase de realidades (non so hai unha) e cambia con respecto ao contexto (club, piso ou rúa). As “motivacións” son a falta de oportunidades, de recursos e a falta de emprego.	3
Estigmas cara a prostitución	E.P.	Estigmas da sociedade asociados á prostitución.	Identificados tanto na sociedade en xeral como no funcionariado e nos traballadores e traballadoras do eido social.	1
Políticas en relación á prostitución	PP.P.	Postura institucional con respecto a prostitución, postura das administracións e recursos.	Postura abolicionista por parte das institucións, crenza da necesidade de lexislación en prostitución e queixa na escaseza de recursos.	4
Cuestións a mellorar nas intervencións	C.M.I.	Preocupacións das traballadoras nas intervencións realizadas.	Os recursos recibidos por parte das administracións	2
Cuestións a resaltar das intervencións	C.R.I.	Características das actuacións/intervencións a destacar.	A experiencia das entidades, o achegamento aos lugares onde se desenvolve a	2

			prostitución e a conformación dos equipos de traballo.	
Educación como forma de intervención na prostitución	ED.P.	Educación como forma de abordar a prostitución onde se inclúe a Educación Social como parte da intervención.	Intervense dende unha postura educativa e considérase necesaria a actuación de Educadores e Educadoras Sociais no ámbito.	5
Recollida de información	R.I.	Datos recollidos durante as intervencións e datos aportados polas entidades para o contraste de información.	Número de persoas atendidas, datos das persoas atendidas e demandas das persoas atendidas.	2

Fonte: elaboración propia.

4. Integración da información: é neste momento cando se relacionou a información recollida nas tres entrevistas entre si, efectuando análises comparadas e contrastando a información obtida, tendo presentes os conceptos teóricos nos que tivemos ocasión de afondar con anterioridade e, igualmente, os datos brindados polas institucións despois da realización das entrevistas.

7. DISCUSIÓN E RESULTADOS

A continuación preséntanse os principais resultados da investigación elaborados a partir das achegas e reflexións das profesionais que participaron no desenvolvemento desta investigación, que compartiron na entrevista realizada a súa visión sobre diferentes cuestións relacionadas coa dinámica que viven diariamente no seu desempeño profesional en relación aos contextos de prostitución. A través das mesmas podemos coñecer a realidade que se vive nas intervencións socioeducativas que se realizan no ámbito da prostitución na comarca de Santiago de Compostela. Dan conta das diferentes perspectivas de traballo institucional que nos poderemos atopar na localidade e guiarnos, a través do seu discurso, cara ás actuacións que se desenvolven en cada unha das entidades para o achegamento ao colectivo prostitucional cunha dilatada experiencia en calquera dos casos.

Categoría CC.P., características das persoas entrevistadas:

En canto aos datos persoais, podemos ver que as características das persoas entrevistadas, se nos referimos á tipoloxía e nivel de estudos, son dispares, posto que posúen estudos que non se semellan (onde as traballadoras de E1 son Licenciada en Xeografía e Historia e Mestra en Educación Primaria, respectivamente; en E3 Enfermeira/Educadora social e en E2 adquire a categoría de Graduada Social) e contan con anos de experiencia heteroxéneos.

As motivacións para desempregar o seu posto de traballo son semellantes, onde predomina a vinculación ao eido social en relación á vulnerabilidade e á exclusión social, especificamente, centrada na loita polos dereitos das persoas [E3] e, especialmente, polos dereitos das mulleres [E1 e E2].

Categoría CC.I., características das institucións:

No que se refire á institución, cómpre sinalar que E1 e E3 nacen hai 20 e 25 anos respectivamente, por unha cuestión asistencialista de atención á prostitución (aínda que no caso de E3 atende, tamén, a outros colectivos) e E2 é nada no 2009 para darlle continuidade a unha organización desaparecida.

Todas coinciden na finalidade que perseguen: a defensa dos dereitos das mulleres, “ofrecer alternativas” [E1], “defender e garantir o dereito á saúde” [E3] e “denunciar a favor das usuarias” [E2].

En canto aos proxectos que desenvolven, E3 deslígase das outras dúas institucións debido a que atende a máis colectivos que o da prostitución en específico, algo que non acontece con E1 e E2, que centran o seu traballo, exclusivamente, na prostitución.

Figura 1: proxectos E1.




Figura 2: proxectos E2.





Figura 3: proxectos E3 (prostitución).



Fonte: elaboración propia.

Facendo unha comparativa das táboas superiores, atopamos que as tres institucións coinciden na meirande parte dos proxectos que levan a cabo onde todas teñen un centro de atención xeral, desenvolven o proxecto de rúa e contan cunha oferta de formación para as mulleres en situación de prostitución (no caso de E1 enmarcaríase como unha actividade do Centro de Día).

E1 e E2 comparten o tipo de traballo que realizan día a día, onde a liña xeral é a atención integral, a cal inclúe atención xurídica, psicolóxica, laboral, social e socio sanitaria (probos rápidos de ETS). E3 céntrase, principalmente, neste último ítem (atención socio sanitaria). Todas recollen a formación educativa das mulleres a través de cursos e talleres. Por último, as tres institucións teñen como actividade fundamental o traballo de rúa como forma de achegamento ás mulleres.

Categoría T.R., traballo de rúa:

Analizando a parte específica que corresponde co proxecto de rúa nas diferentes institucións, chegouse á conclusión de que, en orixe, aparece nas tres, como unha actividade asistencialista que se basea en garantir as necesidades básicas das mulleres prostituídas. Na actualidade, o proxecto evolucionou até o punto de atender demandas e necesidades específicas relacionadas con cuestións, especialmente, sanitarias. O obxectivo actual sitúase, ademais da atención asistencial, na liña de acceder ás mulleres para prestar unha atención integral, posterior, ás que así o desexen.

A finalidade deste proxecto é afondar nos lugares nos que se desempeña a prostitución e chegar ás persoas que están nos clubs, nos pisos e na rúa exercendo para entregarlles material profiláctico. Afirmar, dende todas as institucións participantes, que esta entrega resulta un medio (a modo de escusa) para entrar nos lugares nos que se exerce e así poder proporcionar información sobre a entidade (posibilidades e recursos que ofertan) e de interese para a muller (empadroamento e tarxeta sanitaria, fundamentalmente), ademais de ter a posibilidade de ofertarlles a realización de probas rápidas de ETS -VIH e Sífilis-, recoller demandas sobre necesidades que as mulleres poidan ter e identificar posibles casos de trata con fins de explotación sexual.

Categoría D.I., demandas ás institucións:

E1 fai unha clasificación das demandas segundo o tempo que a muller en cuestión leve en prostitución no país. Afirmar que, nunha primeira etapa, a persoa estaría máis centrada en demandar cuestións administrativas como, por exemplo o empadroamento ou a tarxeta sanitaria. Dentro das cuestións sanitarias de urxencia, E3 engade a solicitude da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE). Nunha segunda etapa, estaría a petición de inserción laboral para obter os medios “para ter unha vida normalizada” [E1].

A pesares disto, E2 asegura que, moitas das mulleres, afirman que a prostitución é o seu traballo, aínda que se inclinan por “poder ter un traballo normal” [E2].

Categoría RE.I., realidade das intervencións:

As tres entidades afirman que se atopan con realidades -en plural- dispares e moi complexas, ademais coinciden en que o que se encontran varía dos clubs aos pisos e dos pisos á rúa. A pesares disto, confirman que a práctica da prostitución na rúa é

pouco frecuente en Galicia (“no caso da rúa, é algo residual, de feito en Santiago só hai unha muller” [E1]).

Aquilo que se atopan con frecuencia son mulleres en situacións vulnerables, que non teñen outra alternativa real que dedicarse á prostitución para poder sobrevivir, con falta de apoio social [E3], que viven nunha condición de soidade, de illamento e, no caso das que son recentes no país, de descoñecemento do entorno [E1]. Hai unha realidade ligada a estas mulleres que se descoñece e é o alto grao de consumo de drogas e alcohol, así como a falta de cartos derivada da ausencia de traballo (“parece que están ocupadas vinte e catro horas e a veces hai mulleres que ves e levan toda unha semana sen facer un peso, sen facer cartos, o que lle impide incluso poder programar a súa vida dunha maneira tranquila, porque non saben se van ter cartos para poder pagar a habitación ou se van ter cartos para poder mandar”⁵ [E1]).

Hai unha consonancia entre as institucións en canto ás “motivacións” que teñen identificadas nas mulleres para exercer a prostitución. Todas falan de vulnerabilidade e falta de alternativas, onde hai unha clara escaseza de recursos económicos e sociais que derivan en pobreza, ligados á inexistencia de posibilidades laborais fóra do servizo doméstico. Declara T2 en E1 que a maioría das mulleres que están en prostitución en Galicia son de orixe estranxeira, de países onde hai unha marcada falta de recursos, de servizos sociais, sanitarios e educativos. Ademais, E3 afirma que a vulnerabilidade á que estamos a facer referencia está “marcada polo xénero”.

Tal e como se comenta E2, a meirande parte das mulleres que queren saír do mundo da prostitución acaban enmarcándose no servizo doméstico, vivindo situacións de precariedade, rozando o escravismo, cobrando “en negro” e “traballando vinte e tres horas por cincocentos euros” [E2]. Non existe outra posibilidade de traballo para estas mulleres xa que, a maioría, non contan con papeis ou residencia legal no país.

Categoría E.P., estigmas cara a prostitución:

A través das achegas das entidades, pode afirmarse que existen dous elementos principais en canto aos estigmas cara a prostitución que aparecen na sociedade en xeral e en outros ámbitos de actuación como o administrativo (funcionariado) ou no eido social (traballadores e traballadoras do social que se enmarcan nos contextos en

⁵ Mandar cartos aos seus países de orixe.

prostitución). Por unha banda, estarían os estigmas asociados ao exercicio da prostitución e, pola outra, ás mulleres que practican a prostitución.

En canto aos primeiros, hai unha visión na sociedade da prostitución como unha actividade que supón “cartos fáciles” [E1]. No segundo bloque, existe unha percepción da muller como unha persoa con “maldade” e “aproveitada” [E1], “culpables de todo” [E2], que “exerce a prostitución porque quere, xa que podería traballar noutra cousa” [E3].

Ademais, dende E2 e E3 faise especial fincapé en que a única figura visible da prostitución é a muller, “non se vai en contra do cliente, o cliente é un machote, son elas quen veñen aquí a *camelalos*” [E2]. “Sempre se fala da muller en prostitución, da puta, pero nunca do putero. Todos os ollos están na muller.” [E3].

Categoría PP.P., políticas en relación á prostitución:

Todas as organizacións entrevistadas coinciden en indicar que as actuacións que veñen desenvolvendo deberían partir das competencias do Estado ou, no seu defecto “dos servizos sociais ou dos distintos recursos sociais” [E1]. Entendendo que isto non é viable, E2 argumenta a necesidade de dotación de recursos por parte da Administración para o desenvolvemento das ONG.

Aseguran que hai falta de recursos públicos “no ámbito social en xeral” [E2] os cales se xustificarían, segundo E1 no pensamento cuantitativo e utilitarista da Administración: “dá a sensación de que buscan máis números, que dean as contas, de que sexa unha cifra moi grande máis que nos resultados a longo prazo dun traballo ben feito de atención integral”. Ademais dos recursos económicos aos que fan referencia as dúas primeiras, E3 bota en falta unidades de atención psicolóxica para as persoas que están en prostitución que o precisen. A todo isto, E1 engade que a lexislación vixente con respecto a cuestións de inmigración non favorece a situación das mulleres.

E1, E2 e E3 comparten unha postura política abolicionista en prol de garantir os dereitos das mulleres coas que traballan xa que, segundo E3, manter a prostitución supón unha “vulneración dos dereitos humanos da muller”. É por isto que, chegan á conclusión de que o Estado debería legislar en favor da abolición abandonando a actual alegalidade e tomando como exemplos, baixo o punto de vista de E3, o modelo de Suecia ou Francia. E3, ademais, entende que, se non se ten feito isto é porque o

Estado garda intereses na existencia da prostitución debido a que supón “unha fonte de ingresos desmesurada” [E3].

Categoría C.M.I., cuestións a mellorar nas intervencións:

No que respecta ás cuestións susceptibles de mellora nas intervencións, existe unha clara división na visión que se ten, nas diferentes organizacións entrevistadas, dos puntos febles dos proxectos e das intervencións. Por unha banda, E1 céntrase na actuación organizativa para a mellora da acción xa que marcan o obxectivo en conseguir entrar a un maior número de pisos que é onde se concentra a maior parte do exercicio da prostitución. Pola outra, E2 e E3 acusan da debilidade das intervencións á insuficiencia de recursos que non permiten chegar a un maior número de persoas.

Categoría C.R.I., cuestións a resaltar das intervencións:

A totalidade das entidades coinciden en que un dos puntos fortes das actuacións que desenvolven no plano institucional é o achegamento á realidade que viven as mulleres, é dicir, o feito de acudir ás contornas onde elas exercen e coñecelas alí, o que lles leva a ter un “trato horizontal” [E3]. Ademais disto, E1 e E3 resaltan como algo positivo a multidiscipliniedade dos equipos de intervención e, igualmente, E1 o feito de formar parte “dunha ampla rede de entidades especialistas na cuestión”.

Categoría ED.P., educación como forma de intervención na prostitución:

A educación “é un dos únicos puntos de vista onde pode haber unha abordaxe real” da prostitución, afirma T2 de E1. Todas coinciden na educación en igualdade transversal como ferramenta de intervención na problemática da prostitución xa que esta -a prostitución- está relacionada coa “violencia machista, a desigualdade de xénero e a violencia exercida contra as mulleres” [E1]. Polo tanto, enténdese que, sen unha educación integral en igualdade non será posible facer fronte á prostitución.

Á educación en igualdade, E3 engade a “educación afectivo-sexual” que incite a reflexionar sobre o consumo da prostitución. Ademais disto, E2 afirma que a educación en igualdade e afectivo-sexual da que se vén falando, tamén deberá incluír ás persoas que traballan no ámbito social xa que, en moitas delas aínda perduran estigmas, estereotipos e prexuízos con respecto á prostitución.

É por esta concepción da educación como parte necesaria da intervención en

prostitución que todas as entidades coas que se traballou consideran que as súas actuacións parten dunha visión educativa. Afírmase ademais dende E3 que non se atopan con serias limitacións educativas e, en E1 manifestan que isto si ocorre porque traballan cun colectivo moi específico para o que ningunha titulación forma. Para elas non só falamos da problemática da prostitución cando nos referimos ao ámbito, senón que aparecen outras como a inmigración, a pobreza, a vulnerabilidade, o risco de exclusión ou as drogodependencias.

E2 e E3 afirman que debe existir unha relación directa entre a intervención no ámbito da prostitución e a Educación Social e, como consecuencia, cos/as profesionais da Educación Social. Manteñen unhas posturas firmes con respecto á necesidade destes e destas profesionais no ámbito afirmando que son primordiais á hora de intervir coa prostitución e fundamentais, segundo E3, para “unir a prostitución coa educación”.

E3 entende como interesante a posibilidade de que sexan os propios educadores e educadoras sociais os que asuman o papel de profesionais especialistas en educación afectivo-sexual e en igualdade con nenos e nenas.

A postura de E1 nesta cuestión varía con respecto ás outras institucións posto que estima que a vocación, neste caso, superponse á titulación que a profesional ou o profesional posúa. A importancia para elas está en establecer unha relación horizontal coas mulleres, onde se desdibuxe a profesión e apareza a persoa que está detrás do traballador ou traballadora.

Categoría R.I., recollida de información:

E2 e E3 afirman ter un “estadillo”⁶ onde recollen datos das mulleres que atenden e os posibles materiais que se entregan, mentres que E1 non o considera “adequado”, salvagardando excepcións. Así e todo, esta última, recolle datos de xeito “informal” (ver Anexo II) para poder dar resposta ás solicitudes. Ademais, afirman E1 e E3 que estes datos lles serven para poder identificar novas redes organizadas de prostitución: “imaxínate, pois antes non víamos a ningunha paraguaia e este ano, de repente, vemos a sesenta, que pasa aquí?, é un termómetro da realidade que vemos” [E3].

⁶ Plantilla que empregan as entidades para a recollida de información nas intervencións.

A continuación móstrase o tipo de datos que recolle cada entidade nas intervencións:

Táboa 4: datos que recolle cada entidade.

	Entidade		
	E1	E2	E3
Recollida de información	"Informal" despois da intervención.	Estadillo durante a intervención.	Estadillo durante a intervención.
Datos recollidos (ítems)	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación. - Lugar e nome do sitio (club/piso). - Nacionalidade. - Localidade ou ruta. - Idade aproximada. - Bolsas de preservativos (uds.) - Comentarios. - Data de contacto. 	<p>INTERVENCIÓN:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Data intervención. - Axente. - Nome. - Dirección. - Intervención e motivo. - Contacto. - Avaliación da acollida. - Provincia. -Teléfono. <p>MULLERES:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Nº de mulleres, de transexuais e de homes. - Nacionalidades. - Idades. - Nº de consultas (sanitarias, sociais e xurídicas). <p>EXERCICIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pago pola estancia diaria e que inclúe. - Pago praza. - Pago pase ó cliente. - %/€ por pase ó club. - Nº pases por día. - Días de máis pases. - Horas de máis pases. - Prezo copas e % local. - Consumo drogas. - Tipos de multas. - Ítems para os indicios de trata. <p>OBSERVACIÓNS.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Nome. - Procedencia. - Data de nacemento. - Material que se lle entrega. - Ítems para indicios de trata.

Fonte: elaboración propia.

A análise dos datos achegados despois das entrevistas ás diferentes organizacións, fundamentan un dato que viña aportando anteriormente APRAMP no ano 2005 onde afirmaba que a maioría das persoas que exercen a prostitución son

mulleres. As asociacións entrevistadas achegaron os seguintes datos recollidos nas intervencións do traballo de rúa na comunidade galega segundo o sexo biolóxico da persoa:

Táboa 5: persoas atendidas nas diferentes entidades ano 2017 (división por sexo).

Asociación	Persoas atendidas				Total intervencións traballo de rúa en Galicia.
	Muller	Home	Muller transexual (X)	Home transexual (Y)	
E1	Non hai datos estatísticos xa que non hai recollida sistemática de información nas intervencións. Os homes cis e trans derívanse a outros recursos (non hai nº significativo).				550/600 (datos aproximados)
E2	Non se reciben os datos desglosados antes da clausura desta investigación. A institución afirma que o 90% das persoas atendidas son mulleres cis, o que achegaría a cifra a 1900 de 2107 totais.				2107
E3	651	43	31	2	727

Fonte: elaboración propia.

O total de atencións realizadas varía dunha organización a outra segundo o país de pertenza da persoa pero todas coinciden en que a maioría das mulleres atendidas proveñen de países onde hai conflitos e problemas sociais e económicos, predominando as nacionalidades de países latinos (Brasil, Colombia, República Dominicana e Venezuela), países do leste de Europa (onde destaca Rumanía), e da África Subsaxariana (Nixeria). En E2, España é o segundo país de pertenza por número de intervencións realizadas.

Figura 4: atencions en E1 segundo a nacionalidade.



Fonte: elaboración propia.

Figura 5: atención en E2 segundo a nacionalidade.



Fonte: elaboración propia.

Figura 6: atención en E3 segundo a nacionalidade.



Fonte: elaboración propia.

8. CONCLUSIÓNS:

Unha vez realizado o percorrido teórico, posibilitado a partir da revisión bibliográfica arredor do obxecto de estudo e, igualmente, efectuada a análise individual e comparada de cada unha das entrevistas realizadas, valoramos que estamos en

condicións de proceder a presentar as conclusións derivadas da elaboración deste traballo.

Somos conscientes da enorme complexidade que radica na temática abordada, mais só pretendemos con este Traballo Final de Grao, realizar unha achega que nos permita afondar no coñecemento dunha realidade que aínda nestes días permanece oculta, coa vontade de poder ampliar esta indagación en posibles proxectos futuros. Neste sentido, valoramos que a propia elaboración do traballo permitiunos tomar consciencia dos baleiros e lagoas que fican en torno á prostitución e, polo tanto, á literatura e investigacións que podemos atopar sobre a temática. Somos conscientes de que esta cuestión supuxo unha limitación fundamentalmente á hora de procurar información para proceder na elaboración deste informe.

A pesares de que neste estudo se fai referencia e se aborda teoricamente a prostitución dun modo global, é importante poñer de relevo que isto dista en boa medida da realidade. Pois na prostitución, ao igual que noutros ámbitos de intervención, as persoas que se inclúen baixo esa mesma denominación, non son iguais, non viven a mesma realidade, non teñen as mesmas vivencias e experiencias, non teñen os mesmos obxectivos ou metas e, como consecuencia, son individuos particulares, cunhas necesidades e unhas características específicas. Trátase, pois, dunha realidade multidisciplinar, multicausal e multivariar que se recolle de forma singular para podela abordar de xeito íntegro na investigación.

Entre os aspectos fundamentais que se poñen de relevo logo da elaboración da parte teórica deste informe, podemos destacar:

- A prostitución é un fenómeno que se constitúe nun marco social patriarcal, onde o neoliberalismo económico ten un interese especial, reafirmándose así como unha forma de escravitude contemporánea.
- A prostitución atópase marcada polo xénero e polo lugar de procedencia, pois case a totalidade das persoas que se encontran en prostitución son mulleres que proveñen de países onde hai ausencia de oportunidades e falta de recursos para poder sobrevivir.
- En España a prostitución xera elevadas cantidades de diñeiro que se enmarcan no “mercado negro”, posto que vive nunha situación normativa e xurídica “alegal”.
- Existen diferentes posicionamentos políticos con respecto a esta cuestión, os cales se poden encadrar en dúas visións: economicista e feminista. Na economicista atoparíamos os modelos reglamentarista e prohibicionista, mentres que na feminista

situaríanse o regulacionista e o abolicionista.

- A prostitución ten cabida dentro da Educación Social como un ámbito de intervención posto que, entre outros factores, implica a persoas que viven situacións de vulnerabilidade, exclusión, marxinação e estigmatización social.

Con todo isto, valoramos de grande interese no noso traballo a posibilidade de entrevistar ás profesionais que desenvolven o seu labor profesional nas tres entidades que, no territorio galego, se centran no traballo en contextos de prostitución e, particularmente, no traballo de rúa. A partir das entrevistas realizadas, podemos poñer de relevo as seguintes cuestións:

- Todas as institucións participantes do estudo naceron cunha intencionalidade asistencialista, a pesares de que a súa evolución reflicte a continuidade cara unha liña de atención integral ás mulleres en prostitución.

- A finalidade de levar a cabo o traballo de rúa supón, nas tres institucións, realizar un achegamento ás mulleres en prostitución, ás que non se pode ter acceso a través doutra vía.

- As demandas que as mulleres fan ás institucións poden situarse en dous momentos diferentes: o primeiro estaría relacionado con cuestións sanitarias e, o segundo coa búsqueda de emprego.

- As motivacións das mulleres para exercer a prostitución están intrinsecamente ligadas á realidade dos seus contextos onde destacan, principalmente, a ausencia de oportunidades laborais e, polo tanto, económicas; así como a falta dunha rede de apoio social e familiar. Isto vese reflectido na análise das cifras por nacionalidade, nas cales se pode atisbar con claridade a procedencia de países cun alto índice de conflitos políticos, económicos e sociais.

- Non existe unha implicación política por parte da Administración en canto á prostitución, xa que é unha cuestión a través da cal non se logra xerar un debate en profundidade e, polo tanto, non se normativiza. O Estado tampouco achega recursos suficientes ás entidades para o desempeño do seu labor neste ámbito.

- A Educación constitúe o punto máis forte dende o que abordar a prostitución xa que, E1, E2 e E3 consideran que é a forma eficaz de chegar á abolición.

En canto ás conclusións extraídas unha vez rematada a análise da investigación podemos afirmar que houbo unha consecución real dos obxectivos propostos para a mesma, onde o obxectivo principal pasaba por coñecer a

intervención profesional no ámbito da prostitución e, especificamente, afondar no coñecemento da intervención socioeducativa de diferentes entidades da contorna galega que desenvolven as súas actuacións en Santiago de Compostela. Así mesmo, pretendíase poñer de relevo as potencialidades e posibilidades da Educación Social nas citadas intervencións, aspecto que valoramos como satisfeito ao coñecer máis en profundidade as actuacións que se realizan e o punto de vista das persoas responsables das mesmas a cerca da cuestión.

Camiñar cara o logro dos obxectivos previamente establecidos permitu aproximarnos á realidade de traballo das tres entidades galegas que desenvolven o seu “traballo de rúa” na comarca de Santiago de Compostela, ademais de contrapoñer diferentes perspectivas sobre aquilo que se dá nas intervencións nos contextos de prostitución extraendo conclusións sobre as mesmas. Chegado este punto, podemos afirmar que o “traballo de rúa” resulta en proxectos que poden considerarse de carácter asistencialista na súa concepción, debido a que hai unha marcada ausencia de actuacións socioeducativas no desenvolvemento dos mesmos, o que se traduce na carencia de resultados cualitativos neste plano a curto prazo. Son as propias entidades participantes na investigación as que afirman que este proxecto tan só é válido para un achegamento inicial ás mulleres que, posteriormente, pode levar ou non a unha actuación integral. O que se lle acusa, polo tanto, a esta intervención é a ausencia de intencionalidade educativa, o que pode estar marcado pola falta de recursos das institucións e unha excesiva concepción paternalista das actuacións. Aínda tendo en conta o seu carácter asistencial, constitúe un labor fundamental no traballo das entidades para aproximarse aos contextos de prostitución, coñecer as realidades e ás persoas que nelas se atopan.

Para finalizar e tendo en conta as voces de expertas e expertos, recollidas no cuarto epígrafe deste documento, e as entrevistas a profesionais que traballan no ámbito, podemos afirmar que a prostitución é un campo de traballo onde existe a posibilidade de intervención dende a Educación Social, pero no que os/as profesionais deberán prestar unha especial atención, posto que se trata dun campo de traballo moi específico e onde xogan multiplicidade de casuísticas como a inmigración, a transexualidade, a drogodependencia, as situacións legais irregulares e a trata con fins de explotación sexual, entre outras. Ademais, require dun amplo traballo previo que incida na reformulación dos estigmas, estereotipos e prexuízos para evitar intervir

dende esa óptica e poder así realizar accións inclusivas, integradoras e, polo tanto, efectivas. Para alcanzar isto, entre outras cousas, valorase de interese que se puidese incorporar na titulación unha formación transversal en cuestións de xénero e feministas, onde se aborden temas como a prostitución, a violencia de xénero ou a feminización da pobreza. Que se traballe dende unha perspectiva actualizada e contemporánea aos problemas e dificultades coetáneos, onde a preocupación se centre en desmontar estereotipos, prexuízos e mitos arredor das citadas cuestións, se forme en prol da igualdade de xénero, se potencie a autonomía das mulleres e, en especial, das mulleres en contextos de pobreza, exclusión e marxinalidade.

Ademais, será de relevancia, velar porque sexan as propias mulleres quenes tomen decisións sobre as súas vidas e sobre os seus corpos e que nos debates que se xeren, especialmente, arredor da prostitución, se teña en conta a voz das que exercen. É importante, tamén, que non se profese dende un sentimento paternalista e dende unha posición acomodada teórica, senón dende o coñecemento, a cercanía, a sororidade e a individualización das actuacións.

BIBLIOGRAFÍA

- Ayuste, A. e Payá, M. (2014). La relación educativa con mujeres en contextos de prostitución: La dimensión pedagógica de la intervención. *Educación XX1*, 17 (1), 289-308. doi: 10.5944/educxx1.17.1.10715.
- Ayuste, A., Gijón, M., Payá, M. e Rubio, L. (2013). Prácticas de Educación Social en entornos de prostitución: tránsitos hacia la autonomía y el reconocimiento. En S. Torío, O. García, J.V. Peña y C. Fernández. (coords). *Crisis Social y el Estado de Bienestar: las respuestas de la Pedagogía Social* (pp. 38-44). Oviedo, Ediciones de la Universidad de Oviedo.
- APRAMP (Asociación para a Prevención, Reinserción e Atención da Muller Prostituída). (2005). *La prostitución claves básicas para reflexionar sobre un problema*. APRAMP: Fundación Mujeres.
- APRAMP (Asociación para a Prevención, Reinserción e Atención da Muller Prostituída). (2011). *La trata con fines de explotación sexual*. APRAMP.
- Bas, E. (2014). Educación Social y Género. Presentación. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria* (23), 13-20. Doi: 10.7179/PSRI_2014.23.01.
- Bindman, J. (2004). Trabajadoras/es del sexo, condiciones laborales y derechos humanos: problemas 'típicos' y protección 'atípica'. En R. Osborne (ed.), *Trabajador@s del sexo. Derechos, migraciones y tráfico en el siglo XXI*, 99-111. Barcelona: Bellaterra.
- Caride, J. A. (2004). ¿Qué añade lo "Social" al sustantivo "Pedagogía"? *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 11, 55-85.
- CATWLAC (Coalición Rexional contra o Tráfico de Mulleres e Nenas en América Latina e o Caribe). (19 de marzo de 2014). *18 mitos sobre la prostitución* [entrada blog]. Recuperado de <http://www.catwla.org/es/2014/03/19/18-mitos-sobre-la-prostitucion/>
- Comisión Mixta de los Derechos de la Mujer y de la Igualdad de Oportunidades. (2007). *Informe de la ponencia sobre la prostitución en nuestro país (154/9)*. Cortes Generales, Congreso de los Diputados, España.
- Delgado, C. e Gutiérrez, A. (2012). Prostitución: notas para un análisis psicosocial. De la coacción al consentimiento. En Á. Figueruelo, M. Del Pozo e M. León, *Igualdad: Retos para el siglo XXI*, 39-58. Santiago de Compostela: Andavira.

- Faraxa. (2018). Memoria 2017 (1).⁷
- García, J. e Saez, J. (2013). Educación Social y exclusión social. En J. García Molina (coord.). *Exclusiones: discursos, políticas, profesiones*, 133-176. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya.
- González, J. M. (2013). *El ejercicio de la prostitución y el derecho del trabajo*. Granada: Editorial Comares.
- Guasch, M. e Ponce, C. (2003). *¿Qué significa intervenir educativamente en la desadaptación social?*. Barcelona: Universidad de Barcelona.
- Havocscope: Global Black Market Information (2018). *Prostitution Statistics*. Recuperado de <https://www.havocscope.com/prostitution-statistics/>
- Herranz, I. e Alonso, D. (2005). Cambios en la sociedad de hoy: de la inclusión a la exclusión social. En J. Lirio (coord.). *La metodología de la Educación Social*, 25-45. Madrid: Dykinson.
- López, M. e Mestre, R. (2006). *Trabajo Sexual: Reconocer derechos*. Valencia: Ediciones la Burbuja.
- López, V. (2015). Resultados de la investigación: repercusión de la intervención socioeducativa en mujeres con situación de prostitución en Sevilla. *Revista de Estudios Socioeducativos*, (3), 250-265.
- Lourenzo, P., Maqueda, M. e Rubio, A. (coords.). (2008). *Género, violencia y derecho*. Valencia: Tirant lo blanch.
- Maneses, C. (2000). *Trabajo social con prostitutas*, en M. J. Martínez *Para el trabajo social: aportaciones teóricas y prácticas*. Granada: Maristain, 449-470.
- Maqueda, M. L. (2009). *Prostitución, feminismos y derecho penal*. Editorial Comares: Granada.
- Marqués, J. V. e Osborne, R. (1991). *Sexualidad y Sexismo*. Universidad-Empresa: Madrid.
- Manteca, C. (2014). *Prostitución e integración social: el papel del educador social* (trabajo fin de grado). Universidad de Valladolid, Valladolid, España.

⁷ Non hai máis información dispoñible.

- Médicos do Mundo. (s.d.). *Guía de benvida*. Madrid: Alfanías Industrias Gráficas.
- Mingorance, L. (2015). *Los efectos del estigma de la prostitución en la mujer* (trabajo final de grado). Universidad de las Islas Baleares, Baleares, España.
- ONU (Organización de las Naciones Unidas). (2004). *Convención de las Naciones Unidas contra la delincuencia organizada transnacional y sus protocolos*. Nueva York: Naciones Unidas.
- Osborne, R. (1989). *Las mujeres en la encrucijada de la Sexualidad*. LaSal, ediciones de dones: València.
- Pérez, S. (2017). *Victimización en la Trata Sexual: imaginarios e invisibilización* (tesis doctoral). Universidad de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España.
- Pinedo, R. (2008). *Características psicosociales, calidad de vida y necesidades de las personas que ejercen prostitución* (tesis doctoral). Salamanca, Universidad de Salamanca.
- Prostitución (s.d). En *Real Academia da Lingua Galega (RAG)*. Recuperado de <https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/prostituci%C3%B3n>
- Rubio Arribas, F. (2012). Consumo y prácticas sociales “ocultas”: la prostitución. *Nómadas. Critical Journal of Social and Juridical Sciences*, 34 (2). Recuperado de <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=18126057006>
- Rubio, A. M. (2008). La teoría abolicionista de la prostitución desde una perspectiva feminista. En I. Holgado (ed.). *Prostituciones: diálogos sobre sexo de pago*, 73-95. Barcelona: Icaria.
- Senent, J. M. (2003). Nuevos retos, nuevas fuentes de documentación en la Educación Social. En C. Ruíz (coord.), *Educación Social: viejos usos y nuevos retos*, 315-325. Valencia: Universidad de Valencia.
- Szil, P. (Novembro de 2001). Los hombres, la pornografía y la prostitución. *Los hombres ante el reto de la igualdad*. Conferencia I Jornadas Estatales sobre la Condición Masculina, Jerez de la Frontera.
- Tapia, I. (2017). *Debate sobre la prostitución: Regulacionismo y Abolicionismo* (Trabajo fin de grado). Universidad del País Vasco, País Vasco, España.
- Vagalume. (2018). *Programa: Vagalume*. Unayta. Recuperado de

<http://programavagalume.org/gl/>

Venceslao, M. (2013). Desarrollos teóricos y conceptuales. En J. García Molina (coord.). *Exclusiones: discursos, políticas, profesiones*, 15-51. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya.

Villacampa, C. (2012). *Prostitución: ¿hacia la legalización?*. Valencia: Tirant lo Blanch.

ANEXOS:

Anexo I: Táboa 1 - modelos políticos prostitución.

	MODELOS			
	Economicistas		Feministas	
	Reglamentarista	Prohibicionista	Regulacionista	Abolicionista
Xorde	XIX-XX	XIX	1970	XX
Busca	Legalización da prostitución.	Prohibición da prostitución.	Regulación do traballo sexual.	Desaparición da prostitución.
A través de	Intervención estatal.	Criminalización dos axentes da prostitución (incluídas as mulleres).	Loita polos dereitos das traballadoras sexuais.	Persecución do proxenetismo.
Principios	Liberdade a exercer a prostitución.	Ética por riba da supervivencia económica.	Dereito á elección de cada muller.	Enténdea como unha forma de violencia contra as mulleres.
Países		EE.UU/Irlanda.	Semellante: Alemaña/Holanda.	Suecia/Francia.

Fonte: elaboración propia.

Anexo II: entrevista traballadoras Vagalume.

Bo día/boa tarde, o meu nome é Yéssica Lima e desexo, ante todo, agradecerlle a súa amabilidade e atención contribuindo ao desenvolvemento da entrevista que realizaremos a continuación. A finalidade desta entrevista é contribuir ao desenvolvemento do Traballo Final de Grao en Educación Social que estou a realizar no seo da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e que, fundamentalmente, pretende achegarse ao coñecemento do proxecto Vagalume e do traballo que desenvolven, centrándonos particularmente no Proxecto de Rúa.

Sen máis, destacar que a entrevista será totalmente anónima e que os datos recollidos a partir da mesma terán como única finalidade a investigación.

*T1: traballadora 1.

*T2: traballadora 2.

Datos persoais:

Estudos:

T1: licenciada en xeografía e historia.

T2: estudei maxisterio por lingua estranxeira e especialiceime nun mestrado en xénero e igualdade.

Posto de traballo/cargo desempregado dentro da institución:

T1: desempeño o posto de educadora social dende fai, aproximadamente, trece anos.

T2: o cargo que desempeño é o de educadora.

Motivación persoal para desempeñar o seu traballo:

T1: gústame o meu traballo polo contacto coa persoa e neste caso polos dereitos das mulleres.

T2: a vinculación co eido social dende sempre e en temas de xénero e feministas.

1. Institución:

Como e por que nace Vagalume?

T1: nace, aproximadamente, fai 25 anos grazas á congregación das Irmás Oblatas, que é unha congregación relixiosa adicada ao tema de muller e prostitución no eido da exclusión social. Nace no barrio do Pombal, que era onde daquela se exercía

prostitución aquí en Santiago para acompañar ás mulleres, naquel momento, dun xeito asistencialista. Tiña máis que ver con actividades como tomar un café, calceta, cousas pequenas que lle axudasen á muller a saír do entorno da prostitución.

Cal valora que é a finalidade da existencia dun proxecto como *Vagalume* na actualidade?

T2: entendo que a finalidade sigue sendo a mesma pero pasamos dunha atención asistencialista a unha atención integral e, sobre todo, a un intento de que esas mulleres fagan efectivos os seus dereitos máis fundamentais e teñan acceso a todos os recursos e, sobre todo, a ofrecer alternativas.

Que proxectos desenvolven actualmente? Podería destacar os aspectos máis relevantes dos mesmos/dalgún deles?

T1: o programa ten cinco proxectos fundamentais: o centro de día, o centro psicofamiliar, o piso de acollida, o traballo de rúa e a área de sensibilización. O centro de día sería o lugar de referencia para as mulleres que exercen prostitución, coas que se contacta habitualmente no traballo de rúa. Aquí recibirían o acompañamento e a atención de todo tipo, dende xurídica, psicolóxica, laboral, talleres formativos e talleres pre-laborais. Despois estaría o que é o centro psicofamiliar que traballaría coas nais e cos fillos a nivel tanto de axuda escolar como de axuda psicolóxica e orientación de todo tipo.

O traballo de rúa é o achegamento aos lugares de prostitución para coñecer o ambiente no que se desenvolven as mulleres e cal é a realidade da prostitución en cada momento para poder así achegarse mellor a elas e poder atender mellor as súas demandas.

A área de sensibilización sería achegarse á sociedade en xeral mostrando a prostitución e a trata dende un punto de vista mais cercano como é a través do traballo que realizamos. Como é unha actividade consecuencia dun tema de desigualdade e falta de oportunidades, de crisis económica, de un montón de cousas que non teñen que ver co sexo.

T2: o piso de acollida é un recurso ou dispositivo de emerxencia que o que pretende é que haxa un espazo onde as mulleres que, ou ben deciden deixar o exercicio da prostitución e non teñen lugar nin recursos económicos para poder auto-xestionarse, teñan ese lugar. Ou ben, cando son mulleres vítimas de trata ou vítimas de delitos relacionados coa prostitución, teñan ese espazo de seguranza, de protección onde

poder levar a cabo un proxecto persoal de cara á autonomía.

Que actividades realizan no día a día?

T2: o traballo das educadoras adoita ser bastante multidisciplinar, multidimensional e multitarefa, entón as actividades nosas van dende que ambas formamos parte do traballo de rúa, de sensibilización, facemos o que ten que ver coa parte de asesoramento social vinculado ao centro de día e xestionar o piso de acollida e facemos acompañamentos físicos, seguimentos de proxectos persoais. A parte da Administración, con outros recursos, con outras entidades e incluso as dúas somos técnicas de proxectos levando subvencións tanto de ámbito Estatal como Autonómicos.

Que aspectos podería destacar relacionados coa realidade que se atopan nas intervencións?

T1: o achegamento ás mulleres no lugar no que están exercendo a prostitución, iso nos fai ter un privilexio que é o contacto máis directo e máis próximo aos lugares onde elas adoitan estar habitualmente, o cal tamén xera un espazo de confianza e apertura á hora de falar con elas.

T2: ter a oportunidade de estar nesa realidade, de formar parte dela. Porque ao final dámonos conta de que traballamos con mulleres e con persoas que a única diferenza entre elas e nós é, nese momento, o sitio onde nacemos. Temos un acercamento máis potente tanto ás mulleres como á realidade.

T1: cando o ves de cara a outros profesionais que están traballando aquí, creo que si que hai unha barreira que nós rompemos polo feito de estar con elas aí. Non temos que falar nada, non temos que aclarar nada despois, porque xa as vimos no lugar e para elas supón tamén caer un pouco esa barreira que pode existir.

T2: a creación do vínculo de confianza con ela e comigo, no momento no que abrimos a porta aquí, nós xa non somos descoñecidas ás que lle teñan que dar moitas explicacións senón que xa se pasou esa parte. Iso facilita despois as intervencións a todos os niveis.

T1: o feito de entrar nos clubs permite normalizar a situación aínda que son espazos estraños e peculiares porque nós xa as vemos alí. Por iso é máis fácil despois o achegamento e moitas veces teñen máis lazos con nós que igual con calquera outra profesional que é máis distante porque a relación é diferente.

T2: por dicir algo negativo ou crítico, nas nosas intervencións ou no noso contacto

directo coas mulleres, si que nos atopamos que todas teñen unha experiencia previa con outros profesionais do eido social negativa porque hai profesionais que teñen prexuízos e prexúzgan e crearon unha barreira de cara a que interveñan outros profesionais. Hai persoas pouco sensibilizadas ou que é un tema pouco coñecido e están pouco formados, o que fai que teñan prexuízos e estereotipos como o resto da sociedade.

T1: que Vagalume sexa un programa adicado ao traballo exclusivamente con prostitución facilita que elas vexan este sitio como un lugar seguro, non hai que esconderse nin disimular de nada, é o seu lugar, é o seu sitio. Iso valóranlo e verbalízanlo moitas veces cando chegan aquí. Non teñen que estar disimulando nin ocultando nada.

Existe unha postura unívoca por parte da Institución en relación á realidade da prostitución?

T1: hai unha pequena diferenza entre a congregación Oblata e Cáritas diocesana. A congregación Oblata ten asumida na súa ideoloxía e na súa forma de ver á muller como algo normal e algo que forma parte do seu orixe, traballar coa muller en contextos de prostitución. Non hai ese prexuízo inicial. Cáritas engloba un mundo máis grande, que traballa con xente de distinto tipo, mentres que as Oblatas sempre traballaron coa muller en exclusión e a muller en prostitución. Nós traballamos con bastante liberdade polo feito de que a xente, ás veces, pode ter prexuízos en relación á Igrexa e Prostitución e nós non vimos de igrexa, senón que somos profesionais. Consideramos que somos afortunadas porque non temos ningún tipo de recorte ou censura á hora de traballar con elas.

Á muller non se lle pregunta nin de que relixión é, nin de se é abolicionista, reglamentarista,.. Aquí entra calquera muller e aténdese calquera demanda.

Tanto Oblatas como Cáritas Diocesana, se se teñen que decantar por algunha das posturas sería a abolicionista.

Que puntos fortes destacaría de Vagalume? Que cuestións considera que poderían ser mellorables?

T2: os puntos fortes: experiencia dilatada nos anos, que forma parte dunha rede moi ampla de entidades especialistas no tema e o equipo multidisciplinar que compón o programa.

T1: a acollida, aínda que pode sonar a oco, significa acoller de forma incondicional,

sen ningún tipo de prexuízo, independentemente das decisións da muller, acompañala en todo momento. Sabendo que incluso que a súa entrada non ten porque ser definitiva, senón que pode entrar e saír un montón de veces.

2. Programa: centrándonos no proxecto de rúa.

Cales son os principios básicos da intervención no Proxecto de rúa?

T2: o achegamento aos lugares sen ningún tipo de prexuízo, atención directa, contacto directo coas mulleres, respecto e achegar a información sociosanitaria básica.

T1: permite coñecer as súas demandas en todos os momentos que cambian continuamente. A realidade da prostitución é cambiante, non é igual en todas as partes. Non é o mesmo un club que outro. O perfil das mulleres tamén cambia polo que se trata de estar permanentemente alerta para poder coñecer esas demandas.

Cales son as actuacións que desenvolven na intervención?

T2: chegamos aos lugares onde se exerce a prostitución, que poden ser clubs ou pisos. No caso da rúa, é algo residual, de feito en Santiago so hai unha muller. Cando chegamos presentámonos, dicimos de onde vimos, repartimos material profiláctico, onde vai incluída unha tarxeta cos servizos. É moi sintético todo, cos servizos que ofrece Vagalume, porque a veces non tes oportunidade de alargarte na explicación, así que para que poidan quedar co contacto. Se hai oportunidade e temos un espazo xeitoso para estar falando, si que explicamos un pouco máis que é o programa Vagalume e que servizos ofrece.

En moitos casos trátase de escoita activa, simplemente ter unha conversa e saímos da sororidade cotiá. Chegamos, temos unha conversa, preguntámoslle que tal están. Moitas xa son mulleres que coñecemos e outra son novas pero, fundamentalmente, a nivel de intervención é iso, levar o material profiláctico como unha escusa para dar información do programa e que saiban que estamos aí para que poidan acudir cando precisen.

T1: que elas sintan que Vagalume vai ser un lugar de referencia para elas no momento no que necesiten calquera cousa.

Cal é a finalidade do desenvolvemento deste proxecto?

T1: achegarlle á muller información sociosanitaria e material profiláctico, que é unha desculpa para poder entrar. Achegarlles información, sobre todo, porque estamos a falar dun colectivo, maioritariamente, inmigrante, moitas veces en situación irregular,

que descoñecen cales son os seus dereitos e a realidade máis próxima que a rodea, dende a cidade ata onde poden acudir, que teñen que facer para poder ter asistencia sanitaria, como poden poñerse en contacto con algún recurso. Ese tipo de cousas que o feito de que estean en clubs, o illamento que teñen, por estar situados en lugares de carretera, lonxe das cidades, é unha maneira de aproximarlles á realidade social e do seu entorno.

T2: é a arteria principal que nutre todo o que ten que ver con todo o resto de intervencións e proxectos de Vagalume. Sen ese primeiro contacto, sen ese achegamento, á porta de Vagalume a Santiago é difícil que chegue unha muller que está nun club illado a 60 quilómetros. Actúa como primeiro contacto e como o catalizador que fai que cheguen aquí. É un traballo de fondo que fai que mulleres que nós podemos ver este próximo xoves -día no que se realiza o traballo de rúa- non precisa nese momento algo pero atópaste con que a muller de alí a seis meses ou un ano aparece coa tarxeta e di “dixéstedes que se nalgún momento necesitaba algo podía contar con vós e hoxe necesito algo”. A finalidade é que saiban que existe Vagalume e que sexa referencia, que saiban que estamos e que somos para elas.

Como nace?

T1: pola necesidade que había de achegarse aos lugares onde as mulleres estaban xa que, nun principio, cando nacen estes proxectos hai que ir a buscar ás mulleres a onde están porque dificilmente elas se van a achegar. Naceu fai catorce ou quince anos. Os primeiros anos foron grazas a unha subvención, contratouse a unha muller que estivera exercendo a prostitución como mediadora para que acompañase ás educadoras de entón aos clubs de prostitución, xa que era difícil a entrada naquel momento. A mediadora era a que posibilitaba achegarse ás mulleres, tanto a nivel de desconfianza, ver unha cara dunha persoa que estivo en prostitución e que estaba no outro lado posibilitaba esa comunicación e achegamento.

Empezouse pouco a pouco, cos clubs da comarca de Santiago e hoxe en día estamos entrando, aproximadamente, en 30 clubs e en 30 pisos ou máis, cando daquela non se facían pisos. É sobre todo polo estigma que trae a prostitución que impide que moitas mulleres acudan a servizos sociais ou a calquera tipo de recurso ou ONG porque pensan que non van a ser tratadas ben ou que non se lles vai axudar. Ese primeiro enganche era ir a onde elas estaban e así foi como comezou.

Como é a realidade que se atopan nestas intervencións?

T2: eu falaría de realidades porque creo que falar dunha única realidade nos pode levar a un concepto da prostitución *almodovariano* total, de desenfreno, diversión ou dos macro clubs que vemos nos programas que saen na tele, que existen, pero non é o caso nin de Galicia nin da contorna de Santiago.

As realidades dependen moito, porque hai clubs de moitos tipos e diferentes maneiras, o que si que nos atopamos son mulleres en situación de vulnerabilidade, de orixe estranxeira e con falta de alternativas.

T1: falamos na sensibilización de que nos clubs temos a imaxe moito máis peliculera ou de telediario de mulleres con pouca roupa, dun lugar escuro, que están traballando, ofrecendo os seus servizos sexuais e esquecémonos un pouco do que é a outra realidade, que é a que vemos nós moitas veces: a soidade, o illamento, o descoñecemento do entorno, de levar poucos días e vir de países lonxanos e que de repente se atopan unha realidade cultural e social moi diferente. Esa parte é a que costa moito máis achegar á xente e é a real. Hai unha parte de consumo de drogas, de alcohol, de non traballar, que parece que están ocupadas vinte e catro horas e a veces hai mulleres que ves e levan toda unha semana sen facer un peso, sen facer cartos, o que lle impide incluso poder programar a súa vida dunha maneira tranquila, porque non saben se van ter cartos para poder pagar a habitación, se van ter cartos para poder mandar. Se hai redadas, a inestabilidade que lles procura o feito de non ter papeis, de non poder traballar, de non poder exercer a prostitución durante a semana porque adoita ir a policía, entón teñen que deixalo para a fin de semana.

Hai moitas realidades detrás da prostitución que a xente se esquece ou non pensa nelas. Cando un pasa por un club de carretera, dentro é un mundo sórdido e triste, un mundo distinto ao que se transmite nos medios de comunicación.

Existe algún procedemento para a recollida de información ou datos nas intervencións que realizan? de que modo se procede?/ por que non se recolle información?

T2: a información que recollemos é unha cuestión estatística, sería facer algo parecido ao da policía indo por aí pedindo pasaportes e documentos no primeiro contacto que tes con unha muller que non sabe nin quen es, nin de onde vés, nin que vas facer con eles. Iso limitaría moitísimo todo o que veña despois e a confianza que poidas ter. Simplemente recollemos: nacionalidade, se é posible e tramos de idade, para facernos unha idea de como evoluciona, porque iso pode facer que muden as demandas. De

feito os nomes danos a que quere e pode ser un nome falso.

T1: ao contrario que outras organizacións non tomamos nota diante delas, non levamos un estadillo e cubrimos, senón que cando saímos, no coche, facemos a nosa estatística. Para nós supón unha cuestión moi violenta poñerse a recoller datos diante delas, incluso o teléfono pídeselle cando elas fan unha demanda clara. Intentamos non ser invasoras, que dean a información que elas queiran dar.

Puntos fortes e febles do proxecto.

T1: o feito de que nos permite achegarnos á realidade, a elas e ao contexto, totalmente distinto ao que sería unha oficina ou calquera outro lugar. Febles: que a veces non podemos achegarnos a todos os sitios que nos gustaría e da maneira que nos gustaría, xa que o traballo do centro nos impide planificar e poder achegarnos a máis sitios.

T2: destacaría a entrada nos pisos, que para nós é unha loita porque é moito máis dificultoso porque o procedemento de entrada é distinto. Teñen que autorizarte cunha chamada telefónica, ao final é unha casa particular. No club ao final entramos e unha vez que estamos dentro é moito máis fácil. O noso obxectivo é mellorar a entrada nos pisos porque é onde hai máis prostitución.

Prostitución:

Cales son as principais motivacións das persoas coas que vostedes traballan para dedicarse á prostitución?

T2: creo que non hai motivacións senón falta de alternativas, situacións de vulnerabilidade, necesidade económica, familiar. De orixe estranxeira, non é casualidade que a maior parte dos países dos que veñen sexan países con inestabilidade política e social, onde hai ausencia de recursos, tanto de servizos sociais como sanitarios e educativos. Eu falaría de falta de alternativas.

T1: so temos que ver o mapa do mundo e onde hai situacións de crise política, crise económica ou humanitaria, de aí proveñen as mulleres que exercen prostitución. En España non vas atopar moitas suecas, danesas ou alemás exercendo, senón que vas atopar subsaharianas, da Europa do leste, latinoamericanas.

T2: as españolas ou galegas que nos podemos atopar, incluso portuguesas, son mulleres que están en situación de pobreza ou que proveñen de familias máis desestructuradas, con vinculación ás drogas. Sempre se repite ese patrón.

Cales son as principais demandas a Vagalume por parte das persoas que desenvolven a prostitución?

T1: segundo o tempo que leven en prostitución. A primeira sería a situación administrativa, arranxar papeis e poder ter acceso ao sistema sanitario, papeis para optar pola residencia, temas de saúde.

T2: temas de emprego. Pero é como resumen elas todo o tema do que falamos de inserción social e laboral, o emprego daría os medios económicos para poder ter unha vida normalizada. Todo o que piden é buscar alternativas para poder ter outras oportunidades.

T1: na maioría dos casos son proxectos migratorios. O seu proxecto migratorio é nun inicio a prostitución para empezar a pagar a débeda da viaxe. Despois, o que buscan é esa economía que lles permita manter á súa familia ou pagar a débeda que aínda non remataron.

Moitas transitan entre a prostitución e o traballo somerxido ou traballo doméstico e as demandas son poder saír pero son conscientes de que a saída non é de hoxe para mañá, senón que son etapas.

Teñen identificado algún estigma/estereotipo de cara a prostitución na sociedade en xeral?

T2: un non, un cento. Por moito que agora salta máis á palestra todo o que ten que ver con isto, segue habendo estigmas e estereotipos como o tema de que son cartos fáciles, que son mulleres de vida alegre. Incluso hai unha visión asociada á malicia, das persoas que exercen a prostitución, que parece que teñen unha maldade ou que poden ser aproveitadas. Este tipo de argumentos atopámoslos nas xornadas de sensibilización con persoas adultas, con persoas universitarias, con persoal da Administración, nas escolas e incluso nos propios medios, cando se da unha noticia e as definen como prostitutas directamente.

Prostitución e educación:

Dende un punto de vista educativo, como valora que se podería abordar a cuestión da prostitución?

T2: é un dos únicos puntos de vista onde pode haber unha abordaxe real, tanto na educación formal como non formal. Partimos de que a prostitución se fundamenta en cuestións de desigualdade de xénero, ten moito que ver coa violencia machista e coa violencia exercida contra as mulleres e ten moito que ver como nos educan.

Nós sempre dicimos que por moito que haxa cambios nas políticas, ou que teñan que ver co abolicionismo ou reglamentarismo, mentres non se traballe dende un punto de vista educativo coa sociedade en xeral, dificilmente se vai poder abordar a cuestión.

T1: o feito de que nos poidamos achegarnos aos centros educativos -colexios e institutos- da a moitos rapaces un punto de vista diferente sobre a prostitución, ao humanizar e velas como mulleres e non como obxectos ou prostitutas, favorece ese cambio que se supón que ten que dar a sociedade se ten unha base sólida na educación en igualdade.

Consideran que o traballo que vostedes desempeñan na institución parte dunha visión educativa?

T2: si, sobre todo co que ten que ver coas Irmás Oblatas, que desenvolveron durante moitos anos a Pedagogía Oblata, que é o que fundamenta todas as intervencións.

Cren necesaria a existencia de profesionais da Educación Social na intervención nos contextos de prostitución? Que papel consideran que podería asumir unha Educadora Social neste ámbito de intervención?

T1: a parte educativa, no máis amplo sentido da palabra, da institución ou de Vagalume é unha das partes fundamentais, por todo o que levamos falado xa: o achegamento, coñecer á muller nun ambiente diferente, por achegarnos a elas e non elas a nós, por asumir esa relación horizontal. Eu teño claro que é algo vocacional. Unha persoa pode ser, a nivel de Educación Social, moi boa estudante, pode ter unhas cualificacións estupendas pero ten que ter esa parte de empatía, aproximación e ganas de traballar neste tema.

T2: o papel que poderían asumir é o que estamos asumindo. Todo o que ten que ver coa parte máis social, máis educativa e máis persoal do proxecto, que a veces parece o máis inespecífico pero que nós consideramos que é o groso do asunto.

T1: é algo anecdótico pero cando lle preguntas a elas polas que traballan aquí, saben definir o que é unha psicóloga ou unha avogada pero non saben o que somos nós. Iso creo que xa define o que somos.

T2: A nós chámanos polo nome e a algunhas das nosas compañeiras dinlles “la psicóloga” ou “la avogada”.

T1: da ese punto de humanidade e de achegamento á muller que non teñen a sorte de ter outros profesionais. Tamén é o sitio no que traballamos. Nós as dúas somos invasoras da Educación Social, porque ningunha das dúas o estudamos e temos a

sorte de poder exercer de tales.

Atopan limitacións de carácter educativo no seu desempeño profesional?

T2: temos moito por aprender e por mellorar pero creo que tanto ela como eu temos a sorte de ter a oportunidade de viaxar. No caso dela viaxou a outros proxectos e outros países nos que se desenvolven proxectos que teñen que ver con prostitución. No meu caso estiven de cooperante e temos formación en xénero entón hai eivas que podemos ter de formación básica que viñemos cubrindo con formación posterior e específica, que nos axudaron moito máis.

Ás veces trátase de romper barreiras e ás veces nunha viaxe coñecendo outras realidades rómpese que no caso de que esteas estudando catorce *masters* e quince posgraos non. Os temas de xénero e feministas van moi vinculados a como ti vives, un interese e motivacións, que forman parte de como somos nós aquí dentro e alá fóra. A loita polos dereitos das mulleres e a loita feminista compartímola aquí dentro e alá fóra, iso é unha vantaxe.

T1: non somos diferentes aquí que fóra. É vocacional. Cando iniciiei o traballo aquí non sabía o que era unha educadora, evidentemente, en min estaba formarme como tal ou simplemente encher as horas. Eu podía estar facendo papeleo e catro clases de español e tirar para adiante pero non se trata diso, senón de velo a nivel profesional e a nivel humano. Temos intereses persoais que enriquecen e enchen esas lagunas que igual tiñamos a nivel teórico pero que a práctica fóinolo dando. Temos a sorte de seguir aprendendo.

T2: incluso tendo formación específica en xénero e que a miña formación anterior tiña que ver coa educación, aínda que non coa Educación Social, si que me atopei con limitacións cando cheguei porque é un colectivo moi específico, cunhas características moi específicas e que nas facultades, normalmente, dentro dun tema, hai un apartado que dá catro nocións básicas.

No meu caso, no mestrado de xénero pasámolo de largo. Ata que estás aquí e podes traballar con profesionais que teñen experiencia no día a día é onde vas aprendendo.

As limitacións son claras porque traballamos con persoas e cada unha ten singularidades e é diferente e cando falamos de prostitución iso multiplícase porque falamos de inmigración, de vulnerabilidade, de risco de exclusión, de drogodependencias,... Xúntanse casuísticas que moitas veces se dan por separado.

Traballan colaborativamente con outras institucións educativas? Que aspectos poderían destacar desta colaboración?

T2: traballar en rede é produtivo porque nos complementamos, colaboramos e iso revirte directamente no benestar das mulleres e en que teñan unha atención integral de calidade.

Políticas:

Valora que debería ser o Estado quen asumise a responsabilidade neste tipo de proxectos?

T1: nun mundo ideal non debería haber organizacións específicas para traballar con mulleres en contextos de prostitución e vítimas de trata pero isto é o que hai. Debería ser o Estado, os servicios sociais ou os distintos recursos sociais os que asumisen a responsabilidade ou parte dela para integrar e axudar ás mulleres a saír de prostitución con políticas inclusivas.

T2: o Estado, a primeira responsabilidade que debería asumir igual non é neste tipo de proxectos, xa que non deberían existir, ao igual que non deberían existir as ONG porque non debería haber países nos que a xente morrese de fame. A primeira responsabilidade debería ser atallar todo isto no seu nacemento, un cambio estrutural. Non podes legislar sobre prostitución, legisla sobre a educación, a socialización, sobre como se trata ás mulleres, a todas en xeral. Se partíramos dun Estado que se involucra en políticas sociais a todos os niveis non chegaríamos a que houberse prostitución nin violencia machista. A responsabilidade é estrutural, de base, na raíz do problema, non despois.

Botan en falta a existencia de recursos públicos para realizar actuacións que desenvolven en Vagalume? No caso de ser afirmativo: cales?

T1: hai ausencia de recursos e de normativas e leis que non favorecen que se desenvolvan actuacións que deberían ser desenvoltas pola administración. Falamos de políticas de inmigración, onde existen unhas leis que cumprir pero coas que non estamos de acordo porque non favorece que a muller poida optar por outras vías que non sexan a prostitución. Dificilmente o Estado vai asumir esta actuación.

No caso de máis oportunidades de mulleres de vítimas de trata, de acceder ás axudas públicas, aos cursos formativos non se da porque a maioría delas non teñen un certificado que lles acompañe para poder optar ás trabas burocráticas que existen en todos os recursos.

T2: a Administración pensa moito cuantitativamente. Da a sensación de que buscan máis números, que dean as contas, de que sexa unha cifra moi grande máis que os resultados a longo prazo dun traballo ben feito e da atención integral.

Entenden necesaria a lexislación en relación á prostitución?

T1: a veces empregase demasiada enerxía no tema de abolición e regulacionismo. Creo que é unha parte importante que se ten que dar nas discusións políticas e feministas pero creo que o importante non é iso. Estamos nun mundo no que a muller chega á prostitución por diferentes desigualdades que hai que atallar. As dúas partes teñen carencias e as dúas partes teñen inconvintes, ogallá non existise a prostitución pero iso non é así entón trataríase de beneficiar á muller, que tampouco é así.

Hai políticas ás que se lle da por multar aos clientes pero, ás veces, repercute nas mulleres porque elas prefiren pagar esas multas para seguir tendo clientes entón creo que o problema está claramente na base inicial. Deberíanse fomentar políticas que non leven ás mulleres a ter que elixir prostitución si ou prostitución non, que a prostitución non fose unha opción.

T2: teñen que legislar en favor dos Dereitos Humanos, garantir que todas as persoas teñan acceso aos dereitos máis fundamentais independentemente da súa situación porque hai por parte dos Estados e das políticas unha revitimización das mulleres porque están aí e podemos penalizalas aínda cando estamos poñendo o foco no cliente. Non hai un interese claro en mellorar a súa situación antes de chegar á prostitución.

T1: nos últimos anos, que se está perseguindo moito máis a prostitución en clubs de carretera hai redadas policiais, perseguido a niveis de permisos de traballo. Isto fai que a prostitución se volque nos pisos o cal está moito máis oculto e non se sabe o que está pasando realmente dentro porque a policía non pode entrar sen unha orde xudicial. Un piso é privado, o que illa e invisibiliza máis á muller.

Nós non somos unha institución significadas polo feito de definirmos abolicionistas ou reglamentaristas. Se a muller decide exercer libremente a prostitución que o faga nas mellores condicións posibles e que, se o fai, teña as mellores condicións posibles.

Que outras cuestións lle gustaría sinalar/engadir?

T2: a importancia de achegarlle á sociedade en xeral esta visión particular porque agora que está o feminismo máis presente no noso día a día, que parece que hai un movemento, un xerme creado, que non fagamos o “nós” e “as outras”, que dentro

propio movemento non haxa esa diferenciación. Ao final todas estamos dentro desa loita e visibilizar tamén a todos os colectivos e ás mulleres que están en contextos de prostitución tamén, xa que están dobremente estigmatizadas, marxinadas ou vitimizadas.

T1: que se vexa á muller en contextos de prostitución como muller, como persoa, con realidades individuais, non como un colectivo que parece que funciona todo igual. Trátase de que nós, a través das persoas que veñen a facer prácticas, voluntariado ou cando imos aos colexios é aproximar esa realidade na que o único que nos diferencia é ter nacido nun lugar distinto ao noso, cunhas condicións económicas e vitais diferentes. Non hai outra diferenza.

Anexo III: entrevista traballadora Faraxa.

Bo día/boa tarde, o meu nome é Yéssica Lima e desexo, ante todo, agradecerlle a súa amabilidade e atención contribuíndo ao desenvolvemento da entrevista que realizaremos a continuación. A finalidade desta entrevista é contribuír ao desenvolvemento do Traballo Final de Grao en Educación Social que estou a realizar no seo da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e que, fundamentalmente, pretende achegarse ao coñecemento da institución Faraxa e do traballo que desenvolven, centrándonos particularmente no traballo de rúa.

Sen máis, destacar que a entrevista será totalmente anónima e que os datos recollidos a partir da mesma terán como única finalidade a investigación.

Datos persoais:

Estudos:

Graduada social.

Posto de traballo/cargo desempregado dentro da institución:

Presidenta y coordinadora.

Motivación persoal para desempeñar o seu traballo:

La lucha por la igualdad, la lucha por las mujeres. Todo lo que tenga que ver con la mujer. Esa es mi lucha. Yo ya vengo de atrás, yo estuve en el mundo de ellas. Yo trabajé en la Asociación Alecrín once años como agente social y mediadora, porque yo estuve en la prostitución, fui una persona prostituida y toxicómana y se me facilitó, una vez que salí de ese mundo, la posibilidad de trabajar con este colectivo; las personas de mí colectivo, en ese momento.

Cuando se cerró Alecrín decidí, con un grupo de compañeras que estaban trabajando en ese momento conmigo, que no podía quedar esto obsoleto, que no podía desaparecer y decidí crear Faraxa. Alecrín cerró el 30 de abril y el 6 de mayo estábamos constituidas como asociación.

1. Institución:

Como e por que nace Faraxa?

Porque desaparece Alecrín.

Cal valora que é a finalidade da existencia dun proxecto como *Faraxa* na actualidade?

Tiene que haber máis centros como Faraxa porque son traballos que as Administracións non realizan, entóns temos que facer acompañamento e seguimento a as usuarias con as que nosotras traballamos. Son os fines da asociación: denunciar, testificar todo a favor das usuarias.

Que proxectos desenvolven actualmente? Podería destacar os aspectos máis relevantes dos mesmos/dalgún deles?

Cualquiera de ellos es relevante. Estamos llevando el proyecto de detección de víctimas de Trata con el Ministerio de Madrid -proyectos varios-. Llevamos el de prevención de VIH y otras Enfermedades de Transmisión Sexual.

Aquí en el centro de día, lo que se está trabajando es distinto a la Unidad Móvil. Aquí lo que estamos haciendo es Intervención Sociosanitaria, psicológica y jurídica con personas en prostitución. Esto es un proyecto, que se financia a través de la *Secretaría Xeral de Igualdade*.

